



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X lexislatura  
Número 76  
2 de marzo de 2017

Fascículo 2



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.4. Procedementos de información

##### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

###### I 5298 (10/PRE-000794)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o coñecemento e a autorización polo Goberno galego da vertedura de residuos por compañías do sector da construción durante a execución das obras de explanación na Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra-As Neves, o seu tratamento de conformidade co Plan de xestión de residuos industriais de Galicia ou, se é o caso, as actuacións previstas ao respecto [17038](#)

###### I 5307 (10/PRE-000795)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para defender os intereses de Galicia diante do *Brexit*, a súa posible incidencia na frota galega con dereitos de pesca directos, na abandei-rada e na de grande altura, así como no sector da conserva, o balance comercial dos sectores pesqueiro e acuícola de Galicia respecto do Reino Unido e a participación do Goberno galego na negociación [17040](#)

###### I 5315 (10/PRE-000796)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas e as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación coas queixas do sector do marisqueo a flote da ría de Vigo referidas aos prexuízos ocasionados polo peche pola Consellería do Mar dos bancos marisqueiros sen previo aviso, por causa das obras de construción do emisario submarino da depuradora de Lagares, o modelo de sinalización destas e a súa afección neles [17044](#)

###### I 5319 (10/PRE-000797)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a situación na que se atopa o proxecto de creación de pasos inferiores e accesos nos cruza-mentos do Camiño de Santiago coa estrada N-547 en diversos concellos da Coruña e Lugo, os pra-zos establecidos para a súa construción e as previsións ao respecto [17048](#)

###### I 5321 (10/PRE-000798)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel, e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre os datos referidos ao censo de vacas de produción de leite, as explotación e as sociedades agrarias de transformación do sector de produción de leite existentes por concellos, ata o 31 de

decembro de 2016, en cada unha das provincias galegas, así como as explotacións que pecharon no ano 2016 [17049](#)

**I 5326 (10/PRE-000799)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre o coñecemento e as previsións do Goberno galego respecto da realización das actuacións necesarias para solucionar as deficiencias existentes nas instalacións do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa [17051](#)

**I 5329 (10/PRE-000800)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa intención de Ferroglobe de vender as centrais hidroeléctricas do río Xallas, a súa información respecto da dispoñibilidade pola empresa dalgún borrador de plan industrial e a valoración da posibilidade de demandarlle un para as centrais de Cee-Dumbría [17055](#)

**I 5334 (10/PRE-000801)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre a elección dunha canción de *reggaeton* para o baile do festival do Entroido do alumnado de 1º do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Calo, no concello de Teo, e a opinión e as medidas previstas polo Goberno galego para evitar as actividades con contido claramente machista nos centros de ensino de Galicia, así como a existencia dalgún protocolo ao respecto [17060](#)

**I 5335 (10/PRE-000802)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre as obras realizadas polo Concello de Dodro nun camiño e a súa afección ao achado arqueolóxico do castro de Imo [17063](#)

**I 5336 (10/PRE-000803)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre as medidas que vai levar a cabo o Goberno galego para recuperar e preservar o parque do Pasatempo, de Betanzos [17066](#)

**I 5348 (10/PRE-000804)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre as intencións do Goberno galego respecto do impulso do incremento do uso da bicicleta como medio de desprazamento alternativo, o remate na X lexislatura da rede de infraestruturas aptas para a circulación cómoda e segura nelas e a consolidación do marco institucional e normativo favorable á modalidade alternativa, así como a aprobación dun Plan director de mobilidade alternativa de Galicia [17068](#)

**I 5353 (10/PRE-000805)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción, e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as consecuencias para os estudantes galegos das modificacións introducidas polo Goberno central no sistema de concesión de bolsas universitarias estatais

[17070](#)**I 5355 (10/PRE-000806)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción, e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as consecuencias para os estudantes galegos das modificacións introducidas polo Goberno central no sistema de concesión de bolsas universitarias estatais, as achegas económicas que ten realizar o Goberno galego para paliar e a garantía da equidade e a igualdade de condicións nos actuais sistemas estatal e autonómico

[17073](#)**I 5366 (10/PRE-000808)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio, e Toja Suárez, María Dolores**

Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego para nomear o xerente do Sergas como vogal representante da Comunidade Autónoma de Galicia no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa

[17076](#)**I 5372 (10/PRE-000809)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos efectos que está a ter nas familias a súa política sanitaria en relación co calendario de vacinación, a fundamentación das súas declaracións referidas á incidencia da perda da vacina do tétano-difteria que deba de aplicarse aos nenos ao cumpriren os 14 anos de idade e os datos referidos ás destinadas a Galicia no ano 2016, así como as previstas para o ano 2017 e o prazo estimado para recuperar a vacinación contra a tose ferina

[17078](#)**I 5377 (10/PRE-000810)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e 3 máis**

Sobre o estado de execución no que se atopan as obras de construción da residencia para persoas maiores de Paradela, a dotación do equipamento necesario e o prazo previsto pola Consellería de Política Social para a súa apertura, así como o modelo de xestión que vai ter

[17081](#)**I 5383 (10/PRE-000811)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para demandar do Goberno central o establecemento dun novo modelo de repartición de cotas de pesca baseado en criterios de mantemento da actividade e do emprego

[17083](#)**I 5388 (10/PRE-000812)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e 2 máis**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a implantación do servizo de pediatría no Concello de Baralla, cando menos, dous días á semana [17087](#)

**I 5424 (10/PRE-000813)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Burgo López, María de la Concepción, e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as razóns que propiciaron a dimisión da metade dos membros do tribunal de selección de actores e actrices para a posta en escena de dúas obras de Valle-Inclán polo Centro Dramático Galego, así como as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a liberdade artística dese tribunal [17090](#)

**I 5427 (10/PRE-000814)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Chao Pérez, Luca**

Sobre os datos referidos ás subvencións e axudas concedidas, así como aos convenios asinados nos últimos oito anos pola Xunta de Galicia coa Hermandad Gallega de Venezuela, os investimentos levados a cabo nese período no asinamento de convenios pola Secretaría Xeral de Emigración coas colectividades galegas no exterior e os criterios seguidos ao respecto [17092](#)

**I 5438 (10/PRE-000815)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión e posta en valor do Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa Lansbrica de San Cibrao de Las, en Ourense [17096](#)

**I 5448 (10/PRE-000816)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre a planificación da Consellería do Medio Rural para impulsar e incentivar a creación en Galicia de centros de recría de xovencas de leite, así como o deseño de cursos de formación na materia para os gandeiros e persoal asalariado das explotacións [17099](#)

**I 5454 (10/PRE-000817)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio e 2 máis**

Sobre a actuación que está a levar cabo o Goberno galego en relación coa promoción da vila de Cambados como Cidade Europea do Viño 2017, e as súas previsións respecto do establecemento dalgunha liña de apoio institucional e económico para o desenvolvemento das actividades programadas con motivo desa distinción [17103](#)

**I 5459 (10/PRE-000818)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a garantía polo Goberno galego do remate da dotación de equipamento e servizos ao Centro de día de Cambados para axilizar a súa apertura, as razóns da demora e a data prevista para a súa posta en funcionamento [17106](#)

**I 5461 (10/PRE-000819)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e 2 máis**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación da dársena do porto de Espasante, no concello de Ortigueira, as actuacións levadas a cabo por Portos de Galicia para a execución do proxecto de dragaxe presentado no ano 2013 e o prazo previsto, así como o investimento necesario para ese fin

[17108](#)**I 5465 (10/PRE-000820)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa potencialidade da enerxía fotovoltaica de Galicia, a existencia dun marco acaído para o seu desenvolvemento, así como a posible afección nela do límite de horas mínimo reflectido na proposta de orde do Goberno central pola que se regula o procedemento de asignación do réxime retributivo específico na convocatoria para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables

[17110](#)**I 5472 (10/PRE-000821)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e 2 máis**

Sobre as actuacións previstas e os contactos mantidos polo Goberno galego coa empresa Telefónica-Movistar para solucionar a situación de discriminación que está a padecer a veciñanza do concello de Baralla na calidade do acceso aos servizos de telefonía e de Internet a través de conexión terrestre

[17113](#)**I 5477 (10/PRE-000822)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e 2 máis**

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da unificación nun mesmo edificio das unidades de infantil e primaria do CEIP Nosa Señora da Piedade, en Vila de Cruces, así como a construción nel dun novo ximnasio ou espazo exterior cuberto

[17115](#)**I 5479 (10/PRE-000823)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis**

Sobre a licitación dos servizos de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia

[17118](#)**I 5488 (10/PRE-000824)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre as razóns da redución de case trinta efectivos, no período 2013-2016, na Unidade de Policía Adscrita a Galicia, así como a actuación prevista polo Goberno galego ao respecto

[17120](#)**I 5494 (10/PRE-000825)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da solicitude ao Goberno central da creación ex novo de sete xulgados de reforzo en Galicia, cos medios humanos e materiais necesarios para afrontar, en cada unha das grandes cidades galegas, o probable aluvión de demandas polas cláusulas chan [17124](#)

**I 5501 (10/PRE-000826)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para regular a apertura dos centros de educación infantil durante as vacacións escolares, os criterios que vai aplicar e os requisitos que vai exixir para ese fin, así como a apertura das escolas públicas de educación infantil durante a Semana Santa de 2017 e as actuacións que vai levar a cabo para posibilitar a planificación do descanso do persoal

[17124](#)

**I 5504 (10/PRE-000827)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a construción do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade maiores de 21 anos de Ourense [17127](#)

**I 5509 (10/PRE-000828)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central de dotación ao Corpo da Garda Civil en Galicia dos medios humanos e materiais necesarios, así como da mellora das condicións nas que se atopan os seus cuarteis [17130](#)

**I 5536 (10/PRE-000829)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as previsións do Goberno Galego respecto da recuperación da xestión pública do Servizo de Gardacostas de Galicia, os datos referidos á xestión levada a cabo pola empresa adxudicataria e as modificacións introducidas no contrato inicial, así como a situación laboral do seu persoal [17132](#)

**I 5542 (10/PRE-000830)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Pérez Seco, José Manuel, e Quiroga Díaz, José Antonio**

Sobre os datos referidos ás novas incorporacións á actividade pecuaria producidas en cada unha das provincias galegas durante o período 2012-2016 [17137](#)

**I 5547 (10/PRE-000831)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da formación específica ofertada e impartida pola Academia Galega de Seguridade en materia de igualdade e violencia de xénero, así como as actuacións previstas ante o aumento das demandas e das intervencións da Policía local neste eido [17140](#)

**I 5549 (10/PRE-000832)****Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa oferta de formación profesional na Costa da Morte, as intencións deste referidas á súa ampliación, e os datos ao respecto

[17144](#)**I 5555 (10/PRE-000833)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as razóns da inscrición das embarcacións adscritas ao Servizo de Gardacostas de Galicia no Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras, con sede nas Illas Canarias, as melloras que supuxo para a Xunta de Galicia e os requisitos exixidos ao persoal embarcado, así como a súa consideración fiscal e a aplicación do Imposto de Sociedades á empresa adxudicataria

[17147](#)**I 5561 (10/PRE-000834)****Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre o número de alumnos que quedaron sen praza nos graos medios e superiores de formación profesional no curso 2016-2017

[17151](#)**I 5562 (10/PRE-000835)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción, e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as dificultades existentes para realizar visitas públicas gratuítas ao Pazo de Meirás

[17153](#)**I 5585 (10/PRE-000836)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa avaría producida no aparello de raios X do Centro de Saúde de Noia, as razóns existentes para non incluír no contrato de alta tecnoloxía do Sergas os dos centros de saúde da Xerencia de Compostela, así como as previsións da Consellería de Sanidade respecto da renovación dos instalados nos centros de saúde de Arzúa, A Estrada e Lalín

[17155](#)**I 5644 (10/PRE-000837)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e 3 máis**

Sobre a valoración e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para defender os intereses dos investigadores galegos afectados polos cambios introducidos, con carácter retroactivo, polo Goberno central nos contratos predoutorais asinados dende o ano 2014

[17158](#)**I 5649 (10/PRE-000838)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 5 máis**

Sobre os datos referidos aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en actuacións de reparación, ampliación e mellora dos centros de ensino, nos concellos da provincia da Coruña, durante o ano 2016

[17160](#)

**I 5650 (10/PRE-000839)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre os datos referidos aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en actuacións de reparación, ampliación e mellora dos centros de ensino, nos concellos da provincia de Lugo, durante o ano 2016

[17161](#)

**I 5651 (10/PRE-000840)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis

Sobre os datos referidos aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en actuacións de reparación, ampliación e mellora dos centros de ensino, nos concellos da provincia de Ourense, durante o ano 2016

[17162](#)

**I 5652 (10/PRE-000841)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 4 máis

Sobre os datos referidos aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en actuacións de reparación, ampliación e mellora dos centros de ensino, nos concellos da provincia de Pontevedra, durante o ano 2016

[17163](#)

## **4. Informacións e correccións de erros**

### **4.2. Correccións de erros**

Corrección de erros na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 62, fasc. 1, do 8 de febreiro de 2017, da Lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación

[17037](#)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 28 de febreiro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

## **1. Procedementos parlamentarios**

### **1.4. Procedementos de información**

#### **1.4.4. Preguntas**

##### **1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito**

#### **Admisión a trámite e publicación**

- 5298 (10/PRE-000794)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o coñecemento e a autorización polo Goberno galego da vertedura de residuos por compañías do sector da construción durante a execución das obras de explanación na Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra-As Neves, o seu tratamento de conformidade co Plan de xestión de residuos industriais de Galicia ou, se é o caso, as actuacións previstas ao respecto

- 5307 (10/PRE-000795)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para defender os intereses de Galicia diante do *Brexit*, a súa posible incidencia na frota galega con dereitos de pesca directos, na abandei-rada e na de grande altura, así como no sector da conserva, o balance comercial dos sectores pesqueiro e acuícola de Galicia respecto do Reino Unido e a participación do Goberno galego na negociación

- 5315 (10/PRE-000796)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas e as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación coas queixas do sector do marisqueo a flote da ría de Vigo referidas aos prexuízos ocasionados polo peche pola Consellería do Mar dos bancos marisqueiros sen previo aviso, por causa das obras de construción do emisario submarino da depuradora de Lagares, o modelo de sinalización destas e a súa afección neles

- 5319 (10/PRE-000797)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a situación na que se atopa o proxecto de creación de pasos inferiores e accesos nos cruza-mentos do Camiño de Santiago coa estrada N-547 en diversos concellos da Coruña e Lugo, os pra-zos establecidos para a súa construción e as previsións ao respecto

- 5321 (10/PRE-000798)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel, e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre os datos referidos ao censo de vacas de produción de leite, as explotación e as sociedades agrarias de transformación do sector de produción de leite existentes por concellos, ata o 31 de decembro de 2016, en cada unha das provincias galegas, así como as explotacións que pecharon no ano 2016

- 5326 (10/PRE-000799)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o coñecemento e as previsións do Goberno galego respecto da realización das actuacións necesarias para solucionar as deficiencias existentes nas instalacións do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Vilaxóan, no concello de Vilagarcía de Arousa

- 5329 (10/PRE-000800)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa intención de Ferroglobe de vender as centrais hidroeléctricas do río Xallas, a súa información respecto da dispoñibilidade pola empresa dalgún borrador de plan industrial e a valoración da posibilidade de demandarlle un para as centrais de Cee-Dumbría

- 5334 (10/PRE-000801)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a elección dunha canción de *reggaeton* para o baile do festival do Entroido do alumnado de 1º do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Calo, no concello de Teo, e a opinión e as medidas previstas polo Goberno galego para evitar as actividades con contido claramente machista nos centros de ensino de Galicia, así como a existencia dalgún protocolo ao respecto

- 5335 (10/PRE-000802)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as obras realizadas polo Concello de Dodro nun camiño e a súa afección ao achado arqueolóxico do castro de Imo

- 5336 (10/PRE-000803)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as medidas que vai levar a cabo o Goberno galego para recuperar e preservar o parque do Pasatempo, de Betanzos

- 5348 (10/PRE-000804)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto do impulso do incremento do uso da bicicleta como medio de desprazamento alternativo, o remate na X lexislatura da rede de infraestruturas aptas para a circulación cómoda e segura nelas e a consolidación do marco institucional e normativo favorable á modalidade alternativa, así como a aprobación dun Plan director de mobilidade alternativa de Galicia

- 5353 (10/PRE-000805)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción, e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as consecuencias para os estudantes galegos das modificacións introducidas polo Goberno central no sistema de concesión de bolsas universitarias estatais

- 5355 (10/PRE-000806)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción, e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as consecuencias para os estudantes galegos das modificacións introducidas polo Goberno central no sistema de concesión de bolsas universitarias estatais, as achegas económicas que ten realizar o Goberno galego para paliar e a garantía da equidade e a igualdade de condicións nos actuais sistemas estatal e autonómico

- 5366 (10/PRE-000808)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Toja Suárez, María Dolores

Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego para nomear o xerente do Sergas como vogal representante da Comunidade Autónoma de Galicia no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa

- 5372 (10/PRE-000809)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos efectos que está a ter nas familias a súa política sanitaria en relación co calendario de vacinación, a fundamentación das súas declaracións referidas á incidencia da perda da vacina do tétano-difteria que debera de aplicarse aos nenos ao cumpriren os 14 anos de idade e os datos referidos ás destinadas a Galicia no ano 2016, así como as previstas para o ano 2017 e o prazo estimado para recuperar a vacinación contra a tose ferina

- 5377 (10/PRE-000810)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 3 máis

Sobre o estado de execución no que se atopan as obras de construción da residencia para persoas maiores de Paradela, a dotación do equipamento necesario e o prazo previsto pola Consellería de Política Social para a súa apertura, así como o modelo de xestión que vai ter

- 5383 (10/PRE-000811)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para demandar do Goberno central o establecemento dun novo modelo de repartición de cotas de pesca baseado en criterios de mantemento da actividade e do emprego

- 5388 (10/PRE-000812)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a implantación do servizo de pediatría no Concello de Baralla, cando menos, dous días á semana

- 5424 (10/PRE-000813)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción, e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as razóns que propiciaron a dimisión da metade dos membros do tribunal de selección de actores e actrices para a posta en escena de dúas obras de Valle-Inclán polo Centro Dramático Galego, así como as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a liberdade artística dese tribunal

- 5427 (10/PRE-000814)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre os datos referidos ás subvencións e axudas concedidas, así como aos convenios asinados nos últimos oito anos pola Xunta de Galicia coa Hermandad Gallega de Venezuela, os investimentos levados a cabo nese período no asinamento de convenios pola Secretaría Xeral de Emigración coas colectividades galegas no exterior e os criterios seguidos ao respecto

- 5438 (10/PRE-000815)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión e posta en valor do Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa Lansbrica de San Cibrao de Las, en Ourense

- 5448 (10/PRE-000816)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a planificación da Consellería do Medio Rural para impulsar e incentivar a creación en Galicia de centros de recría de xovencas de leite, así como o deseño de cursos de formación na materia para os gandeiros e persoal asalariado das explotacións

- 5454 (10/PRE-000817)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a actuación que está a levar cabo o Goberno galego en relación coa promoción da vila de Cambados como Cidade Europea do Viño 2017, e as súas previsións respecto do establecemento dalgunha liña de apoio institucional e económico para o desenvolvemento das actividades programadas con motivo desa distinción

- 5459 (10/PRE-000818)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a garantía polo Goberno galego do remate da dotación de equipamento e servizos ao Centro de día de Cambados para axilizar a súa apertura, as razóns da demora e a data prevista para a súa posta en funcionamento

- 5461 (10/PRE-000819)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación da dársena do porto de Espasante, no concello de Ortigueira, as actuacións levadas a cabo por Portos de Galicia para a execución do proxecto de dragaxe presentado no ano 2013 e o prazo previsto, así como o investimento necesario para ese fin

- 5465 (10/PRE-000820)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa potencialidade da enerxía fotovoltaica de Galicia, a existencia dun marco acaído para o seu desenvolvemento, así como a posible afección nela do límite de horas mínimo reflectido na proposta de orde do Goberno central pola que se regula o procedemento de asignación do réxime retributivo específico na convocatoria para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables

- 5472 (10/PRE-000821)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre as actuacións previstas e os contactos mantidos polo Goberno galego coa empresa Telefónica-Movistar para solucionar a situación de discriminación que está a padecer a veciñanza do concello de Baralla na calidade do acceso aos servizos de telefonía e de Internet a través de conexión terrestre

- 5477 (10/PRE-000822)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da unificación nun mesmo edificio das unidades de infantil e primaria do CEIP Nosa Señora da Piedade, en Vila de Cruces, así como a construción nel dun novo ximnasio ou espazo exterior cuberto

- 5479 (10/PRE-000823)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre a licitación dos servizos de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia

- 5488 (10/PRE-000824)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as razóns da redución de case trinta efectivos, no período 2013-2016, na Unidade de Policía Adscrita a Galicia, así como a actuación prevista polo Goberno galego ao respecto

- 5494 (10/PRE-000825)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da solicitude ao Goberno central da creación ex novo de sete xulgados de reforzo en Galicia, cos medios humanos e materiais necesarios para afrontar, en cada unha das grandes cidades galegas, o probable aluvión de demandas polas cláusulas chan

- 5501 (10/PRE-000826)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para regular a apertura dos centros de educación infantil durante as vacacións escolares, os criterios que vai aplicar e os requisitos que vai exixir para ese fin, así como a apertura das escolas públicas de educación infantil durante a Semana Santa de 2017 e as actuacións que vai levar a cabo para posibilitar a planificación do descanso do persoal

- 5504 (10/PRE-000827)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a construción do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade maiores de 21 anos de Ourense

- 5509 (10/PRE-000828)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central de dotación ao Corpo da Garda Civil en Galicia dos medios humanos e materiais necesarios, así como da mellora das condicións nas que se atopan os seus cuarteis

- 5536 (10/PRE-000829)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno Galego respecto da recuperación da xestión pública do Servizo de Gardacostas de Galicia, os datos referidos á xestión levada a cabo pola empresa adxudicataria e as modificacións introducidas no contrato inicial, así como a situación laboral do seu persoal

- 5542 (10/PRE-000830)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel, e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre os datos referidos ás novas incorporacións á actividade pecuaria producidas en cada unha das provincias galegas durante o período 2012-2016

- 5547 (10/PRE-000831)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da formación específica ofertada e impartida pola Academia Galega de Seguridade en materia de igualdade e violencia de xénero, así como as actuacións previstas ante o aumento das demandas e das intervencións da Policía local neste eido

- 5549 (10/PRE-000832)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa oferta de formación profesional na Costa da Morte, as intencións deste referidas á súa ampliación, e os datos ao respecto

- 5555 (10/PRE-000833)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns da inscrición das embarcacións adscritas ao Servizo de Gardacostas de Galicia no Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras, con sede nas Illas Canarias, as melloras que supuxo para a Xunta de Galicia e os requisitos exixidos ao persoal embarcado, así como a súa consideración fiscal e a aplicación do Imposto de Sociedades á empresa adxudicataria

- 5561 (10/PRE-000834)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o número de alumnos que quedaron sen praza nos graos medios e superiores de formación profesional no curso 2016-2017

- 5562 (10/PRE-000835)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción, e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as dificultades existentes para realizar visitas públicas gratuítas ao Pazo de Meirás

- 5585 (10/PRE-000836)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa avaría producida no aparello de raios X do Centro de Saúde de Noia, as razóns existentes para non incluír no contrato de alta tecnoloxía do Sergas os dos centros de saúde da Xerencia de Compostela, así como as previsións da Consellería de Sanidade respecto da renovación dos instalados nos centros de saúde de Arzúa, A Estrada e Lalín

- 5644 (10/PRE-000837)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 3 máis

Sobre a valoración e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para defender os intereses dos investigadores galegos afectados polos cambios introducidos, con carácter retroactivo, polo Goberno central nos contratos predoutorais asinados dende o ano 2014

- 5649 (10/PRE-000838)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 5 máis

Sobre os datos referidos aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en actuacións de reparación, ampliación e mellora dos centros de ensino, nos concellos da provincia da Coruña, durante o ano 2016

- 5650 (10/PRE-000839)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre os datos referidos aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en actuacións de reparación, ampliación e mellora dos centros de ensino, nos concellos da provincia de Lugo, durante o ano 2016

- 5651 (10/PRE-000840)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis

Sobre os datos referidos aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en actuacións de reparación, ampliación e mellora dos centros de ensino, nos concellos da provincia de Ourense, durante o ano 2016

- 5652 (10/PRE-000841)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 4 máis

Sobre os datos referidos aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en actuacións de reparación, ampliación e mellora dos centros de ensino, nos concellos da provincia de Pontevedra, durante o ano 2016

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

## 4. Informacións e correccións de erros

### 4.2. Correccións de erros

**Corrección de erros na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 62, fasc. 1, do 8 de febreiro de 2017, da Lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación**

Advertido erro material na publicación da Lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (BOPG núm. 62, fasc. 1, do 8 de febreiro de 2017), procédese á súa corrección nos seguintes termos:

*Versión en lingua galega*

Na páxina 13193, no número 50) da alínea Dous do artigo 3, onde di: «\*Distribución de hidrocarburos 1,58 €/m<sup>2</sup>», debe dicir: «\*Distribución de hidrocarburos 1,58 €/m».

*Versión en lingua castelá*

Na páxina 13291, no número 50) da alínea Dos do artigo 3, onde di: «\*Distribución de hidrocarburos 1,58 €/m<sup>2</sup>», debe dicir: «\*Distribución de hidrocarburos 1,58 €/m».

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2017

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Alvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Os movementos de terras dos últimos anos na Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra - As Neves (coñecida como a Plisan) non son derivados do avance desta plataforma senón, por desgraza, son unha multitude de residuos que alí se agochan. Compañías do sector da construción aproveitaron as obras de explanación para realizar vertidos, aforrándose así os custos dunha correcta xestión que pasaría polo seu traslado a empresas de tratamento. Polo visto, hai pneumáticos, restos de demolicións -tamén de naves que alí estaban-, lodos, materia orgánica, plásticos, bidóns, depósitos de combustible, restos de asfalto ...

Agora xa non hai rastro algún destes vertidos, posto que xa remataron os movementos de terras, pero si quedan fotografías daqueles momentos, aínda que non haxa asunción de responsabilidades.

Non é necesario explicar que a acumulación deste tipo de restos pode producir grande dano ao medio ambiente cando se almacenan sen o debido tratamento. O propio Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia 2016-2022 así o esixe e castiga.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten coñecemento o Goberno galego de que varias compañías do sector da construción aproveitaron as obras de explanación na Plisan para realizar vertidos de pneumáticos, restos de demolicións -tamén de naves que alí estaban-, lodos, materia orgánica, plásticos, bidóns, depósitos de combustible ou restos de asfalto?
2. Se a resposta anterior fose positiva, autorizou o Goberno galego estes vertidos?

 Grupo Parlamentario

3. Houbo tratamento axeitado, tal e como esixe o propio Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia 2016-2022?
4. É consciente o Goberno galego de que, sen tratamento, a acumulación e vertido deste tipo de restos pode producir grande dano ao medio ambiente?
5. Se non houbo autorización nin tratamento algún, vai depurar e/ou asumir o Goberno galego responsabilidades?
6. Vai aplicar o Goberno galego o Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia 2016-2022?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Abel Losada Alvarez

Raúl Fernández Fernández

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/02/2017 19:52:07**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/02/2017 19:52:13**

**Raúl Fernández Fernández na data 16/02/2017 19:52:18**

**María Luisa Pierres López na data 16/02/2017 19:52:23**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2017 11:13**  
**Nº Rexistro: 5307**  
Data envío: 17/02/2017 11:13:29.210

## **Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa as medidas ten adoptado o Goberno galego para defender os intereses galegos diante do Brexit.

Dende que o Reino Unido decidiu abandonar a UE moito se ten falado das consecuencias que pode traer a un sector estratéxico como é a pesca no noso País.

Levamos escoitando múltiples reflexións, dende enfrontar a situación como unha oportunidade onde por lle fin ao mal chamado Principio de Estabilidade Relativa (PER), e rematar coa discriminación do reparto de dereitos ao estado español, ata todo tipo de prexuízos na relación comercial destacando a vinculación directa que a flota galega mantén con este país. Lembremos a flota comunitaria que traballa en augas anglosaxonas, os 27 barcos de bandeira de conveniencia que o capital galego mantén no Reino Unido. A flota de gran altura que realiza as súas capturas en augas das illas Falckland pertecente ao UK ou o balance comercial da nosa conserva, que ten neste país un dos seus mellores clientes.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2017 11:13**  
**Nº Rexistro: 5307**  
Data envío: 17/02/2017 11:13:29.210

Por parte do Goberno galego tamén moito se leva falado, celebrado reunión e incluso se teñen encargado estudos ao Instituto Salvador de Madariaga. No ámbito político hai quen afirma que o abandono desta país da UE ten provocado a destitución do responsable da Secretaría Xeral do Mar, coa suposta idea de por ao fronte un negociador con capacidade de defender os nosos intereses e incluso hai quen afirma que ten provocado a destitución do anterior responsable da Dirección Xeral de Pesca

Polo tanto temos moitos, variados e importantes intereses neste novo proceso polo que sería importante a comparecencia dos responsables políticos para informarnos de como ven a situación e como pensan enfrontala

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- Que medidas ten adoptadas o Goberno galego para defender a posición galega diante do Brexit? Levouse a cabo por parte do Instituto Salvador de Madariaga os estudos pertinentes para para saber cales son as nosas fortalezas e definir a estratexia que debemos desenvolver?

2.- A que flota con dereitos de pesca directos lle afectaría directamente esta situación? E a flota abandeirada? E a de Gran Altura? E o sector da conserva?

3.- Que balance comercial temos no sector da pesca e da acuicultura con respecto ao Reino Unido?



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2017 11:13**  
**Nº Rexistro: 5307**  
Data envío: 17/02/2017 11:13:29.210

4.- Quen vai desenvolver a negociación? Que papel vai xogar Galiza?  
Como vai participar o Goberno galego? Que condicións debería de establecer o  
novo acordo económico?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/02/2017 11:05:42**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/02/2017 11:05:47**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/02/2017 11:05:53**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2017 11:13**  
**Nº Rexistro: 5307**

Data envío: 17/02/2017 11:13:29.210

**Xose Luis Rivas Cruz na data 17/02/2017 11:05:57**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/02/2017 11:06:00**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/02/2017 11:06:04**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/02/2017 11:24  
Nº Rexistro: 5315  
Data envío: 17/02/2017 11:24:54.491

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa a saber que medidas adoptou o Goberno para informar ao sector do marisqueo a flote da ría de Vigo do peche polas obras do emisario da depuradora do Lagares.

O sector do marisqueo da ría de Vigo ven de queixarse de que se procedeu a pechar os bancos marisqueiros da Zona II, 1 na zona comprendida entre Bouzas e Toralla, por parte da Consellaría do Mar sen previo aviso. Unha vez máis a decisión adoptase sen consultar ao sector, con total improvisación e sen tempo suficiente para avisar a toda a flota, encontrándonos con que os mariscadores non fixeron as previsións para adiarse a outra arte, co cal encóntranse con todo o traballo da semana estragado.

Esta medida sumase a outras, como a sinalización das obras do emisario con un modelo de boias propio da meseta que contrasta coa que se lle aplica ao sector. Una normativa desproporcionada onde se persigue o seu cumprimento: “ boias redondas de cor amarelo, laranxa, cun diámetro mínimo de 350 mm e banda reflectinte”. Mentres a empresa adxudicataria se lle permite que a sinalización consista nuns bidóns de chapa pintados, sen ningún outro tipo de sinalización. Nin sequera contan con bandas reflectoras nin con luces para que todas estas boias poidan ser visibles de noite ou en caso de néboa.

Esta sinalización dispersa e irregular esta localizada nunha zona por onde entran diariamente todo tipo de barcos e embarcacións que se dirixen aos portos de Vigo, Cangas, Moaña ou Cesantes.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2017 11:24**  
**Nº Rexistro: 5315**  
Data envío: 17/02/2017 11:24:54.491

Entendemos que os mariscadores teñen adquiridos determinados dereitos que hai deberíamos respectar. Que para proceder ao peche das zonas deberían consultar e consensuar co sector para que o mesmo fixera as previsións oportunas para que lle causara o menor prexuízo.

Visto o cal demandamos por parte da Consellaría do Mar outro tipo de comportamento. En vez de perseguilos e aplicarlle normativas surrealistas debería estar ao seu carón defendendo os dereitos dos traballadores do mar, na aplicación de medidas de seguridade para que non haxa accidentes e garantir que o traballo se faga coa maior dignidade e co menor prexuízo, dado que os mariscadores viven do recurso

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Como é posible que se determine o peche de zonas marisqueiras sen previo aviso ao sector?

-Non se ten recibido na Consellaría cronograma das obras que se van levar a cabo?

-Porqué non se consultou ao sector?

-Vanse adoptar medidas para que non volva acontecer? Vanse pedir compensacións polas perdas que tiveron os mariscadores?

-Como é posible que as obras do emisario este sinalizadas con bidóns de chapa e que non haxa sinalización lumínica?

-Non considera prioritario a existencia dunha sinalización axeitada na entrada aos portos da ría de Vigo?

-Vai trasladar queixa a Capitanía Marítima de Vigo?



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2017 11:24**  
**Nº Rexistro: 5315**  
Data envío: 17/02/2017 11:24:54.491

-As obras están tendo unha importante afección nos bancos marisqueiros, evidenciándose por parte das/os mariscadoras/es cada vez en maior medida dificultade para coller os topes de capturas nas zonas próximas. A mortalidade da ameixa rubia terá relación coa depuradora do Lagares?

-Estase investigando esta mortalidade?

-Hai algún avance na investigación?

-Vanse pedir responsabilidades e adoptar medidas?

-A situación do emisario reflicte unha maneira de entender a ría. Total permisibilidade para quen a emporca, para quen realiza obras sen ter en conta a seguridade das embarcacións nin a normativa vixente. E pola contra aplicación literal da lexislación cando se trata do mariñeiro ou mariscador. Para cando un modelo que respecte e defenda ao traballador, a actividade e o emprego?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**

**Data asento: 17/02/2017 11:24**

**Nº Rexistro: 5315**

Data envío: 17/02/2017 11:24:54.491

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/02/2017 11:23:46**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/02/2017 11:23:51**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/02/2017 11:23:55**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 17/02/2017 11:23:59**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/02/2017 11:24:02**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/02/2017 11:24:06**

 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No pasado 22 de outubro de 2016 presentábase un proxecto para crear pasos inferiores e accesos nos cruces do Camiño de Santiago coa N-547 en concellos das provincias da Coruña e de Lugo, que fora dotado cunha cantidade nos orzamentos do Estado para 2016, pero os accesos e os pasos inferiores seguen sen executarse. Coa construción destas obras os peregrinos cruzarían a estrada N-547 con maior seguridade nas zonas obxecto destas medidas, e nas que xa se teñen producido accidentes mortais por atropelos.

Ante esta situación os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedora a Xunta de Galicia da situación na que se atopan os pasos inferiores e os accesos nos cruces do Camiño de Santiago coa N-547?

2ª) Coñece a Xunta de Galicia os prazos de construción dos pasos inferiores e dos accesos nos cruces do Camiño de Santiago coa N-547, no seu caso, en que prazos está prevista a súa execución?

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Pérez Seco na data 17/02/2017 11:05:29**

**Raúl Fernández Fernández na data 17/02/2017 11:05:46**

**María Luisa Pierres López na data 17/02/2017 11:06:03**

 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Non hai moitos anos que na maior parte das casas do rural galego había unha explotación con máis ou menos cantidade de gando vacún, pero dende que desapareceron as cotas de leite, a baixada do prezo do litro do leite e o aumento dos prezos nos alimentos do gando, foron desaparecendo moitas explotacións por non ser rendibles. Outras pecharon pola falla de relevo xeracional, como podería pasar en calquera outro sector.

O sector lácteo é un sector estratéxico para a Comunidade Autónoma de Galicia, xa que estas explotacións de gando vacún atópanse á cabeza da produción de leite de toda España.

O traballo do día a día converte á gandería láctea nunha das actividades capaces de fixar poboación aos núcleos rurais, polo que cantas menos explotacións pechen máis persoas vivirán no rural, a terra estaría cultivada e produciría alimentos tanto para o gando como para o autoconsumo, e non se convertería en terra abandonada co que iso supón para o medio ambiente e para o proceso de desertización que está a ocorrer no rural.

Ante esta situación os deputados que asinan queren coñecer os seguintes datos tomando como data de referencia en todos eles ata o 31 de decembro de 2016.

1ª) Cal é o censo de vacas de produción de leite en cada unha das provincias de Galicia, especificado por concellos ata a data referida anteriormente?

2ª) Cal é o número de explotacións por número de vacas produtoras de leite segundo o tamaño das explotacións, en cada unha das provincias de Galicia, especificadas por concellos?

**Grupo Parlamentario**

3ª) Cantas “explotacións familiares e outras cuxos titulares sexan persoas físicas” de produción de leite, con actividade, hai en cada unha das provincias de Galicia, especificadas por concellos?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

4ª) Cantas “explotacións asociativas” de produción de leite, con actividade, hai en cada unha das provincias de Galicia, especificadas por concellos?

5ª) Cantas “SAT (Sociedades Agrarias de Transformación)” de produción de leite, con actividade, hai en cada unha das provincias de Galicia, especificadas por concellos?

6ª) Cantas das explotacións que pecharon no ano 2016 o fixeron por xubilación dos propietarios/as, en cada unha das provincias, especificadas por concellos?

7ª) Cantas das explotacións que pecharon no ano 2016 se agruparon entre elas, en cada unha das provincias, especificadas por concellos?

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/02/2017 19:07:13**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 16/02/2017 19:07:24**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2017 11:34**  
**Nº Rexistro: 5326**  
Data envío: 17/02/2017 11:34:20.272

## **Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ás melloras que é preciso realizar no CEIP de Vilaxoán.

O CEIP de Vilaxoán atende as necesidades de escolarización de arredor de 300 alumnos e alumnas de infantil e primaria no concello de Vilagarcía de Arousa, na parroquia de San Martiño de Sobrán.

O centro construído no 1979 sofre un grave deterioro debido a que apenas se fixeron obras precisas de arranxo e mantemento desde a súa construción.

Hai uns días a ANPA do CEIP de Vilaxoán denunciou publicamente as deficiencias das instalacións do centro escolar, sinalando entre elas, os problemas de illamento nunha fachada do colexio obrigando aos nenos e nenas a ter que estar nas aulas con abrigos xa que non se superan os 14 grados de temperatura, falsos teitos con pranchas moi antigas que caen continuamente poñendo en perigo a saúde do alumnado e deterioro de materiais como consecuencia dos últimos temporais (caída de canaletas, ...)

Outro motivo de preocupación da ANPA é o mal estado da caldeira e o depósito de combustíbel da calefacción; son os que se instalaron cando a



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2017 11:34**  
**Nº Rexistro: 5326**  
Data envío: 17/02/2017 11:34:20.272

construción do centro, e este último está soterrado dentro do propio edificio, xusto ao lado do comedor.

A todo isto, hai que engadir que o CEIP de Vilaxoán segue contando con amianto entre os materiais cos que foi construído, produto que está prohibido desde o 2002 por tratarse dun axente canceríxeno, podendo provocar efectos moi nocivos na saúde dos nenos e nenas.

Diante das deficiencias do centro, que afectan tanto á seguridade, como á confortabilidade do alumnado, a ANPA solicitou no mes de outubro do 2016 unha reunión co Xefe Territorial de Educación en Pontevedra, sen que a día de hoxe teñen recibido contestación, nin celebrada reunión.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-É coñecedora a Xunta de Galiza das deficiencias que presenta o CEIP de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía?

-Por que razón @s responsábeis da Consellaría de Cultura, Ensino e Ordenación Universitaria na provincia de Pontevedra non atenden a petición da ANPA de manter unha reunión para abordar a situación do centro educativo?

-Considera que o centro, coas deficiencias que presenta, cumpre coas condicións axeitadas para impartir un ensino de calidade?

-Vai atender as peticións da ANPA e proceder a realizar as actuacións precisas para subsanar as deficiencias denunciadas?



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**

**Data asento: 17/02/2017 11:34**

**Nº Rexistro: 5326**

Data envío: 17/02/2017 11:34:20.272

-Si é así en que data as vai realizar?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2017

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/02/2017 11:32:47**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/02/2017 11:32:52**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/02/2017 11:32:56**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 17/02/2017 11:33:00**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/02/2017 11:33:03**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2017 11:34**  
**Nº Rexistro: 5326**

Data envío: 17/02/2017 11:34:20.272

**Ana Pontón Mondelo na data 17/02/2017 11:33:06**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2017 11:47**  
**Nº Rexistro: 5329**  
Data envío: 17/02/2017 11:47:11.628

## **Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á garantía de que se impida a venda das centrais hidroeléctricas do río Xallas.

Desde outubro de 2016 coñecemos novas sucesivas que amosaban a intención de Ferroglobe de vender as centrais hidroeléctricas do río Xallas. Estas novas produciron grande preocupación entre o cadro de traballadores e traballadoras e tamén na sociedade, pois alén da preocupación polos postos de traballo e a garantía do mantemento da actividade industrial, estase a por enriba da mesa a posibilidade de vender e especular cun ben colectivo como é a sobreexplotación dun recurso natural, que debера ser a chave para garantir o desenvolvemento industrial dunha comarca e e non unha moeda de cambio para que unha empresa privada pague a súa débeda.

Desde o BNG compartimos a preocupación xa que está en risco a viabilidade e futuro do emprego. Cómpre recordar que dende o punto de vista legal a segregación das minicentrales da actividade industrial de Ferroatlántica non é posíbel, son unha unidade indivisíbel e ademais non é admisíbel que se estea a especular con concesións públicas de recursos naturais que son de todas e todos.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2017 11:47**  
**Nº Rexistro: 5329**  
Data envío: 17/02/2017 11:47:11.628

O Parlamento aprobou xa en 2016 por unanimidade unha iniciativa do BNG que recolle a imposibilidade da segregación, -como por outro lado ditaminou tamén o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG)-, entre actividade industrial e explotación eléctrica. Diante desta situación de incerteza, a mobilización social e política trouxo de novo ao Parlamento Galego esta cuestión e na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 2 de decembro de 2016, adoptáronse os seguintes acordos:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Adoptar as medidas legalmente adecuadas para evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroalixes por parte de Ferroatlántica, sen que estas afecten os fluxos de enerxía eléctrica, que deberán respectar as exixencias regulamentariamente establecidas para a adecuada operación do sistema eléctrico.

Exixir a Ferroatlántica o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo na factoría de Cee.

Establecer co grupo empresarial Ferroglobe e moi particularmente con Ferroatlántica S.A. os mecanismos necesarios de colaboración para conseguir incrementar os niveis actuais de emprego e de actividade industrial en Galicia e especialmente nos concellos de Cee e Dumbría.»

Máis recentemente, na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 15 de febreiro de 2017 aprobouse unha transacción á Proposición non de lei número de rexistro 354 presentada polo Partido Socialista entre a que se incluía o seguinte:



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2017 11:47**  
**Nº Rexistro: 5329**

Data envío: 17/02/2017 11:47:11.628

*“Exixir a empresa Ferroatlántica o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo na factoría de Cee-Dumbría a través das inversións necesarias para este fin. Traballar con Ferroglobe para conseguir o desenvolvemento dun Plan de modernización das súas fábricas en Galicia que conte co máximo respaldo social e sindical”*

Se repasamos a historia de Ferroatlántica observamos con preocupación como as promesas de postos de traballo e de investimentos foron reiteradamente incumpridas. Por exemplo, para que se lle concedera a repotenciación de tres novas explotacións hidráulicas no río Xallas a empresa argumentou a promoción de 700 postos de traballo que nunca chegaron. Malia isto, sucesivas declaracións de membros directivos de Ferroglobe á prensa e aos traballadores e traballadoras vinculan de forma explícita a execución de calquera Plan Industrial á venda das centrais hidroeléctricas prometendo outra vez a consolidación dun número determinado de empregos.

Polo tanto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Vai aceptar a Xunta de Galiza a venda das centrais hidroeléctricas e que polo tanto unha empresa privada especule con concesións públicas de recursos naturais dos galegos e galegas?

- Se a Xunta acepta a chantaxe de vender as centrais a cambio dun plan industrial, que garantía ten de que Ferroglobe, ao contrario do que nos amosa a historia da firma, cumpriría cos postos de traballo prometidos?



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2017 11:47**  
**Nº Rexistro: 5329**

Data envío: 17/02/2017 11:47:11.628

- Ten coñecemento a Xunta de Galiza dalgún borrador de Plan Industrial por parte de Ferroglobe? Desde que data?

- Ten valorado o goberno da Xunta de Galiza demandar da empresa un plano industrial para as fábricas de *Cee-Dumbría-Centrales Hidroeléctricas* consensuado coas organizacións de traballadores e traballadoras e sobre a base da non segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroalixes, así como a inclusión nel dun plano de reinversións derivado da explotación hidráulica dos nosos ríos e da necesaria compensación polos desinvestimentos destes últimos anos sobre a comarca?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2017

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2017 11:47**  
**Nº Rexistro: 5329**  
Data envío: 17/02/2017 11:47:11.628

**Noa Presas Bergantiños na data 17/02/2017 11:46:10**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/02/2017 11:46:15**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 17/02/2017 11:46:22**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/02/2017 11:46:28**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/02/2017 11:46:30**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/02/2017 11:46:34**



## Á Mesa do Parlamento

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **escrita**, sobre actividades con contido claramente machista nos centros de ensino de Galicia.

*Hola bebé. Ya que contigo no sirve la labia y te crees muy sabia pero vas a caer. Te lo digo mujer. Yo sé que acabo de conocerte y es muy rápido pa tenerte. Yo lo que quiero es complacerte. Tu tranquila déjate llevar. Dime si conmigo quiere hacer travesuras. Que se ha vuelto una locura. Y tú esta bien dura. No me puedo contener... (Travesuras de Nicky Jam).*

Esta é a canción de Reggaeton que as nenas e nenos de primeiro (6-7 anos) do C.E.I.P. de Calo, Teo traballan no cole para bailar no festival de Entroido do venres 24 de febreiro.

No seu momento os pais e nais xa foron informados de que se usaría unha canción de reggaeton, un estilo nada apropiado para fomentar a igualdade, e, por suposto, moito menos nun centro educativo. Foron as nenas e nenos os que contaron aos seus pais que cousas dicía a letra desa canción. Polo que diferentes nais e pais mantiveron encontros individuais e discretos co profesor preparador do baile e coa titora e, posteriormente, coa directora do colexio (venres 10, martes 14 e mércores 15). Presupoñendo que non repararan na letra da canción e advertindo sobre esta, en particular, e sobre o reggaeton, en xeral, coa finalidade de atopar a esperable comprensión e sensibilidade para que mudaran de estilo musical. Chegaba con que a retiraran, mantendo coreografía e vestiario, para non tirar pola borda os ensaios feitos, nin ter que empezar de cero. Sen embargo, o



cambio non se produciu polo que os pais e nais acabaron recorrendo a outras instancias, mesmo puxeron unha queixa ante a propia Consellería de Educación.

Deste xeito, atopámonos con que toda a normativa e actuación en materia de igualdade para os centros educativos acaba sendo páxinas e páxinas de boas intencións cando nos centramos na práctica concreta.

A escola, en tanto que formadora de actitudes de nenos e nenas, constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para a provocación dun cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables. Isto lévanos a facer reflexión global importante sobre que ensinamos, como o ensinamos, a onde nos diriximos en cada paso que damos. Na escola é posible contribuír aos procesos de socialización do alumnado evitando estereotipos sexistas. Son as propias verbas da páxina web da Xunta de Galicia sobre a educación en igualdade.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Considera o Goberno galego adecuado este tipo de actividades para realizar nos centros educativos?
- Ten pensado o Goberno galego tomar algunha medida para evitalo?
- Existe algún protocolo para que os centros educativos orienten este tipo de actividades?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 17/02/2017 12:24:00**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/02/2017 12:24:10**



## Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **escrita**, sobre as actuacións realizadas no Castro de Imo en Dodro.

Hai xa dous anos que un veciño de Dodro remitiu ao Servizo de Vixilancia e Inspección da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta unha denuncia por una obra realizada polo Concello nun camiño que afecta ó xacemento arqueolóxico do Castro de Imo, catalogado no Plan Xeral de Ordenación Municipal con protección de grado dous, integral en todo o seu perímetro. Sen embargo, dous anos despois, dito servizo aínda non contestou.

Os feitos denunciados fan referencia a un plan de cooperación provincial denominado acceso a Revixós e outros, que incluía a mellora da capa de rodadura do camiño de Castro á aldea de Teaio, pero que non contaba co permiso para o movemento de terras e colocación de tubos de formigón como se fixo.

Do mesmo xeito, e ante a preceptiva denuncia ante a Valedora do Pobo, “a Consellería persiste na súa actitude de non enviar a información requirida” a pesar de ser demandada en tres ocasións.

Todo parece indicar que nos atopamos ante unha infracción moi grave, así considerada no artigo 131.d da lei de patrimonio: “A destrución de bens do patrimonio arqueolóxico cando medie o incumprimento da orde de suspensión de obras ou se produza con incumprimento das cautelas sinaladas pola Administración” posto que estas obras se realizaron malia a advertencia expresa de que as actuacións non incluírían a ampliación e só se limitarían á súa limpeza e mantemento.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



- 1.<sup>a</sup>) Que valoración se fai dende Patrimonio da actuación do Concello levada a cabo malia a existencia dun informe desfavorable?
- 2.<sup>a</sup>) Van tomar algunha medida contra esta actuación?
- 3.<sup>a</sup>) Cales son os motivos de non enviar a información requirida sobre o asunto á Valedora do Pobo?
- 3.<sup>a</sup>) Por que o expediente aberto contra o Concello na delegación de Coruña da Consellería de Cultura, onde se di que persoal especialista en arqueoloxía visitou o lugar dos feitos e remitiu un informe de que **“as obras incumpren as condicións nas que se outorgou a autorización administrativa”** está paralizado?
- 4.<sup>a</sup>) Cando pensan resolver o citado expediente?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 17/02/2017 12:23:32**



**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/02/2017 12:23:40**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **escrita**, sobre o estado de abandono do parque “O Pasatempo” de Betanzos.

Despois de varias fases de recuperación, producidos nas últimas décadas, o parque betanceiro do Pasatempo vén padecendo un crecente estado de abandono. Vexetación que sobe por muros e esculturas, auga sucia nos estanques, zonas usadas como escombreyas, e un longo etcétera de síntomas do declive que padece este espazo único no país.

Se ben entre 1993-1996 se inverteron 362.128€ en obras de rehabilitación e recuperación de xardíns, estas obras requirían labores de mantemento continuo que nunca se levaron a cabo. Así, elementos restaurados nese período sofren de novo un mal estado, posiblemente irreversible. En 2010, o Concello anunciou novas obras de mellora que requiría unha inversión superior ós 160.000 € que incluían dende melloras no drenaxe a solucións didácticas para a dinamización do recinto, ademais da construción dunha caseta para recepción na entrada. Intervencións que non se realizaron nunca, nin sequera se inverteu nas tarefas básicas de limpeza e seguridade.

Ante este estado de abandono, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:



- Ten pensado o Goberno galego emprender algunha medida para recuperar e preservar o Parque do Pasatempo?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 17/02/2017 12:20:56**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/02/2017 12:21:04**

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

En outubro de 2011, a entón Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas falaba de incrementar o uso da bicicleta como medio de desprazamento alternativo en Galicia a través do Plan director de mobilidade alternativa, que se comezaría a aplicar en 2012. Naquel momento de diagnose, ofrecíanse multitude de datos e o Goberno galego asumía que o inventario de vías ciclistas revelaba unha escasa presenza de infraestruturas para a bicicleta, inferior aos 250 quilómetros.

Dese plan nada se volveu saber, mais o certo é que en Galicia hai un importante potencial de transferencia de viaxes aos modos non motorizados, dada a proximidade entre poboacións de tamaño pequeno e que máis ou menos un 50 % da poboación ten acceso limitado ao vehículo privado. Por suposto, non é necesario falar de que os desprazamentos alternativos aos vehículos potencian a preservación do medio ambiente e a loita contra o cambio climático.

A asociación PEDALADAS apostaba e aposta por este modelo, encadrado dentro do Plan estratéxico estatal da bicicleta, que se quere poñer en marcha na actualidade en todo o país e que este grupo parlamentario considera esencial.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten o Goberno galego o obxectivo de incrementar o uso da bicicleta como medio de desprazamento alternativo?
2. Entende o Goberno galego que os desprazamentos alternativos aos vehículos potencian a preservación do medio ambiente e a loita contra o cambio climático?

 Grupo Parlamentario

3. Vai completar o Goberno a escasa rede de infraestruturas aptas para a circulación cómoda e segura na bicicleta nesta lexislatura?
4. Vai consolidar nesta lexislatura o Goberno galego o marco institucional e normativo favorable á modalidade alternativa, acompañado de medidas de promoción e sensibilización?
5. Vai aprobar o Goberno galego un plan director de mobilidade alternativa de Galicia nesta lexislatura?

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Raúl Fernández Fernández  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 17/02/2017 12:54:11**

**Raúl Fernández Fernández na data 17/02/2017 12:54:17**

**María Luisa Pierres López na data 17/02/2017 12:54:22**

## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Unha política educativa baseada na EQUIDADE é a única que nos fai a todos iguais, independentemente das nosas condicións socioeconómicas. Un dos instrumentos fundamentais para conseguilo é unha política de becas que chegue a toda aquela cidadanía con problemas económicos para poder estudar.

A combinación de recortes orzamentarios, reformas legais e decisións de xestión conduciron a un cambio de modelo que implica unha regresión importante nun dereito fundamental como é a educación, sacrificando a equidade que constituíra unha das nosas maiores fortalezas educativas e deixando un futuro de oportunidades educativas, accesible para uns poucos.

Un dos capítulos de maior regresión é o das axudas e becas ao estudo. Entre as primeiras medidas que tomou o Goberno do Partido Popular nestes “cinco anos negros” para a educación no noso país está a promulgación de dous Reais Decretos: O Real Decreto Lei 14/2012, do 20 de abril, que regula a modificación dos prezos públicos das taxas universitarias existentes ata ese momento, e o Real decreto 1000/2012, do 29 de xuño, que modificou totalmente as condicións para poder ser beneficiario dunha bolsa de estudos. A partir do curso 2012/2013 prodúcese unha auténtica discriminación cara ao alumnado bolseiro, xa que agora esíxeselles, ademais de cumprir os topes de renda e patrimonio, unha nota media dun 5´5 puntos, para bacharelato, e 6´5 puntos, para unha beca universitaria, rompéndose a igualdade ata entón de que cun 5 podían estudar os que tiñan recursos económicos e os que non, mediante becas.

Pero a aplicación do novo sistema de concesión de bolsas, non só castiga aos que menos teñen, esixíndoselles máis notas que aos que non

## Grupo Parlamentario

necesitan beca, senón que, ademais, rebáixaselles a contía da mesma. Crea ademais incerteza, xa que se divide a beca nunha cantidade fixa e outra variable, dependendo esta última da existencia de recursos económicos, polo que o alumnado non sabe ao comezar o curso a cantidade que van recibir.

Con este Real decreto rómpese coa consideración da beca como “dereito subxectivo” para todos os alumnos que aproben e que non dispoñan de recursos económicos, xa que agora vai depender da cantidade económica dispoñible nos orzamentos.

Neste cinco anos a contía media das becas baixou en máis dun quince por cento e, nas becas compensatorias dedicadas ao alumnado con menos recursos económicos e que necesitan residencia para estudar unha carreira universitaria, a baixada foi de máis dun corenta por cento.

Todo isto afecta claramente aos nosos estudantes. Dende a aplicación do decreto 1000/2012, miles de alumnos/as galegos/as perderon as súas becas ou non puideron acceder a elas, e outros miles verán reducidas drasticamente as cantidades percibidas.

Ademais, o novo sistema tivo enormes dificultades de aplicación pola falta de coherencia, previsión e incerteza. Entre as máis graves están o atraso no pago das becas, unha diminución xeneralizada na contía das mesmas, á que se engade a imposibilidade de coñecer con suficiente antelación a contía e, por tanto, a dificultade de reclamar en caso de recibir unha beca inferior.

Esta reforma foi tamén un exemplo da falta de diálogo e participación na toma de decisións das políticas en materia educativa. A reforma do sistema de becas implantada polo PP foi unha decisión unilateral que obviou, non só ás partes afectadas, sobre todo o alumnado, senón que, ademais, incumpriu a propia normativa que obriga a convocar o Observatorio de Becas, foro pertinente para a toma de decisións nesta materia, creado a través do Real Decreto 1.220/2010, de 1 de outubro.

**Grupo Parlamentario**

Todo isto afecta claramente aos nosos estudantes. Dende a aplicación do decreto 1000/2012, do 29 de xuño, miles de alumnos/as galegos/as perderon as súas becas ou non puideron acceder a elas, e outros miles verán reducidas drasticamente as cantidades percibidas provocando desigualdade e exclusión

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Como valora o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria as consecuencias negativas que teñen para os universitarios galegos os cambios decididos polo Goberno do sr. Rajoy no sistema de concesión de bolsas estatais?

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luis Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 17/02/2017 13:43:01**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 17/02/2017 13:43:08**

## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Unha política educativa baseada na EQUIDADE é a única que nos fai a todos iguais, independentemente das nosas condicións socioeconómicas. Un dos instrumentos fundamentais para conseguilo é unha política de becas que chegue a toda aquela cidadanía con problemas económicos para poder estudar.

A combinación de recortes orzamentarios, reformas legais e decisións de xestión conduciron a un cambio de modelo que implica unha regresión importante nun dereito fundamental como é a educación, sacrificando a equidade que constituíra unha das nosas maiores fortalezas educativas e deixando un futuro de oportunidades educativas, accesible para uns poucos.

Un dos capítulos de maior regresión é o das axudas e becas ao estudo. Entre as primeiras medidas que tomou o Goberno do Partido Popular nestes “cinco anos negros” para a educación no noso país está a promulgación de dous Reais Decretos: O Real Decreto Lei 14/2012, do 20 de abril, que regula a modificación dos prezos públicos das taxas universitarias existentes ata ese momento, e o Real decreto 1000/2012, do 29 de xuño, que modificou totalmente as condicións para poder ser beneficiario dunha bolsa de estudos. A partir do curso 2012/2013 prodúcese unha auténtica discriminación cara ao alumnado bolseiro, xa que agora esíxeselles, ademais de cumprir os topes de renda e patrimonio, unha nota media dun 5´5 puntos, para bacharelato, e 6´5 puntos, para unha beca universitaria, rompéndose a igualdade ata entón de que cun 5 podían estudar os que tiñan recursos económicos e os que non, mediante becas.

Pero a aplicación do novo sistema de concesión de bolsas, non só castiga aos que menos teñen, esixíndoselles máis notas que aos que non

 Grupo Parlamentario

necesitan beca, senón que, ademais, rebáixaselles a contía da mesma. Crea ademais incerteza, xa que se divide a beca nunha cantidade fixa e outra variable, dependendo esta última da existencia de recursos económicos, polo que o alumnado non sabe ao comezar o curso a cantidade que van recibir.

Con este Real decreto rómpese coa consideración da beca como “dereito subxectivo” para todos os alumnos que aproben e que non dispoñan de recursos económicos, xa que agora vai depender da cantidade económica dispoñible nos orzamentos.

Neste cinco anos a contía media das becas baixou en máis dun quince por cento e, nas becas compensatorias dedicadas ao alumnado con menos recursos económicos e que necesitan residencia para estudar unha carreira universitaria, a baixada foi de máis dun corenta por cento.

Todo isto afecta claramente aos nosos estudantes. Dende a aplicación do decreto 1000/2012, miles de alumnos/as galegos/as perderon as súas becas ou non puideron acceder a elas, e outros miles verán reducidas drasticamente as cantidades percibidas.

Ademais, o novo sistema tivo enormes dificultades de aplicación pola falta de coherencia, previsión e incerteza. Entre as máis graves están o atraso no pago das becas, unha diminución xeneralizada na contía das mesmas, á que se engade a imposibilidade de coñecer con suficiente antelación a contía e, por tanto, a dificultade de reclamar en caso de recibir unha beca inferior.

Esta reforma foi tamén un exemplo da falta de diálogo e participación na toma de decisións das políticas en materia educativa. A reforma do sistema de becas implantada polo PP foi unha decisión unilateral que obviou, non só ás partes afectadas, sobre todo o alumnado, senón que, ademais, incumpriu a propia normativa que obriga a convocar o Observatorio de Becas, foro pertinente para a toma de decisións nesta materia, creado a través do Real Decreto 1.220/2010, de 1 de outubro.

**Grupo Parlamentario**

Todo isto afecta claramente aos nosos estudantes. Dende a aplicación do decreto 1000/2012, do 29 de xuño, miles de alumnos/as galegos/as perderon as súas becas ou non puideron acceder a elas, e outros miles verán reducidas drasticamente as cantidades percibidas provocando desigualdade e exclusión

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Como valora o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria as consecuencias negativas que teñen para os universitarios galegos os cambios decididos polo Goberno do sr. Rajoy no sistema de concesión de bolsas estatais?

2.ª) Como valora que a Comunidade Autónoma de Galicia teña que dedicar fondos públicos para paliar, aínda que escasamente, algunhas das consecuencias do decreto de modificación da concesión de bolsas feito polo Goberno do sr. Rajoy?

3.ª) Considera o conselleiro que os sistemas actuais de bolsas estatais e autonómico aseguran a equidade e a igualdade de condicións para os galegos e galegas que queren desenvolver estudos universitarios?

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López

Luis Álvarez Martínez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 17/02/2017 13:42:21**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 17/02/2017 13:42:28**

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No DOG do 17 de febreiro de 2017, no apartado de nomeamentos, notifícase que a Consellería do Mar vén de nomear a Antonio Fernández-Campa García-Bernardo como vogal representante da Comunidade Autónoma de Galicia no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, por resolución do 9 de febreiro de 2017 asinada pola Conselleira de Mar Rosa Quintana.

O Sr. Fernández-Campa é actualmente xerente do Sergas, e a súa carreira profesional vense desenvolvendo no sector da xestión de sanidade dende hai moitos anos. Non entanto, non se coñece a vinculación co sector portuario e marítimo do Sr. Fernández – Campa, polo que resulta difícil comprender os criterios de elección do novo vogal neste Consello de Administración. O nomeamento do Sr. Fernández-Campa substitúe ao anterior secretario xeral de Pesca Juan Carlos Maneiro, o que evidencia a diferenza de perfiles.

Os recentes nomeamentos de membros de empresas con participación pública por parte dos gobernos da Xunta de Galicia ou do Estado, ambos sostidos polo Partido Popular, como este do Sr. Fernández-Campa ou o recentemente coñecido de Arsenio Fernández de Mesa por Rede Eléctrica Española provocan unha sensación de ausencia absoluta de rigor e despreocupación pola eficiencia na xestión e/ou criterios políticos optimizados. No caso específico mencionado do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía, este nomeamento súmase ao da presidenta da propia Autoridade Portuaria, Sagrario Franco, licenciada en Medicina, residente no sur da provincia de Pontevedra, sen ningunha vinculación con Vilagarcía e sen experiencia no sector portuario.

**Grupo Parlamentario**

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que criterios utilizou o Goberno galego para o nomeamento do xerente do Sergas como vogal dun Consello de Administración Portuario?
2. Considera o goberno Galego realmente apropiado este nomeamento? En que aspectos considera o Goberno que o xerente do Sergas pode realizar achegas de relevancia ao Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa?
3. É consciente o Goberno galego do nivel de preocupación existente na ría de Arousa pola despreocupación e a absoluta falta de rigor nos conselleiros e presidentes nomeados para o Consello de Administración do Porto de Vilagarcía, sen vinculación algunha coa ría e co sector do mar?

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

María Dolores Toja Suárez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 17/02/2017 17:38:30**

**María Dolores Toja Suárez na data 17/02/2017 17:38:35**

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O calendario vacinal é un elemento que provoca moita atención entre os pais e nais e que como é normal, xera inquietude e incertezas en canto se produce unha alteración ou problema ao redor.

Nos últimos tempos véñense producindo situacións problemáticas respecto das vacinas no Servizo Galego de Saúde. Existen déficits xa sinalados, como o da tose ferina, que está limitada para a súa aplicación dende 2015 froito de que os laboratorios farmacéuticos que a producen alegaron problemas de elaboración pola complicación na produción dalgún dos compoñentes. O resultado é que esta vacina está suspendida na aplicación para os nenos e nenas de 6 anos, dende hai xa case 2 anos, aplicándose apenas unha inxección de carga baixa. Esta medida afecta a 46.764 nenos e nenas de Galicia que cumpriron 6 anos nos anos 2015 e 2016, segundo datos do Instituto Galego de Estatística, que foron os grupos de aplicación esta medida. A pesares dos recentes anuncios da Consellería de Sanidade da próxima recuperación da vacina, o certo é que non existe previsión certa de datas nin compromiso formal de recuperación da vacina nun prazo determinado.

Nos últimos días engadiuse un problema de vacinas á situación existente, xa que a Consellería de Sanidade vén de anunciar que, por un problema de falta de subministro que declaran as farmacéuticas que os elaboran (Glaxo-Smith-Kline e Sanofi Aventis), suspende a aplicación da vacina do Tétanos – difteria para os nenos e nenas que deberan aplicar a dose de recordo no 2017 ao cumprir 14 anos, franxa que no ano 2016 englobaba a 21.346 rapaces e rapazas de Galicia (Instituto Galego de Estatística). As explicacións da Consellería de Sanidade limítanse a restar importancia á propia vacina, e a argumentar que dado que existirán menos vacinas a disposición o seu uso se reducirá aos casos de maior necesidade segundo criterio clínico. A comunicación oficial da consellería afirma sobre esta vacina que a súa perda “non supón ningún risco incrementado” e que os

 Grupo Parlamentario

nenos e nenas están “perfectamente protexidos” fronte a estas enfermidades, o que xera a dúbida sobre se, dado isto, era necesaria anteriormente.

Un dos elementos que causa maior desagrado na sociedade é a percepción de que as alteracións nas vacinacións están suxeitas unicamente a criterios de dispoñibilidade por parte das farmacéuticas, e que isto pode responder a criterios empresariais e non clínicos ou de produción. Así mesmo, existe incerteza sobre a posición que a Administración pública está a tomar fronte á industria farmacéutica, e o nivel de exixencia e rigorosidade no funcionamento que se está a demandar ás empresas que teñen contratos, de elevadas contías, para a subministración de produtos farmacéuticos coa administración.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É consciente o Goberno galego de que a súa errática e variable política sanitaria no correspondente ao calendario vacinal produce incertezas e intranquilidade nas familias galegas?
2. Que criterios e/ou informes médicos avalan as declaracións de representantes do Goberno galego que afirman que a perda da vacina Td dos 14 anos non supón ningún risco incrementado? É ou non é necesaria, dende o punto de vista clínico, esta aplicación da Td aos 14 anos?
3. Que cantidade de vacinas Td foron destinadas a Galicia pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios no ano 2016? Cantas delas foron utilizadas? Que custo ten cada unha desas doses?
4. Que cantidade de vacinas Td se prevé que sexan destinadas a Galicia pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios no ano 2017?
5. É coñecedor o Goberno galego de se a interrupción do subministro de vacinas da tose ferina incumpre algún aspecto referido a contratos da administración pública con algunha empresa farmacéutica? E no caso da vacina Td?

 Grupo Parlamentario

6. Para cando pode comprometerse o Goberno galego que terá a vacina da tose ferina lista para recuperar a vacinación para os nenos e nenas que lles corresponde? Ten previsto o Goberno galego aplicar a vacinación da tose ferina para as cohortes xeracionais que non a recibiron?

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 17/02/2017 18:30:57**

**Noela Blanco Rodríguez na data 17/02/2017 18:31:02**

## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, José Antonio Quiroga Díaz, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa reposta escrita**.

Nos obxectivos do Consorcio Galego de Servizos Sociais de Igualdade e Benestar para o ano 2017, está a apertura da residencia de maiores de Paradela

Polo exposto as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Está rematada a obra da residencia de maiores de Paradela?
- 2.ª) Que accións hai que levar a cabo para poñela en funcionamento?
- 3.ª) Está instalado o equipamento necesario para abrir esta residencia?
- 4.ª) Cando ten previsto a Consellería de Política Social abrir esta residencia de maiores?
- 5.ª) Que tipo de xestión terá a residencia de Paradela? Concederase a xestión a unha empresa privada?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López  
José Antonio Quiroga Díaz  
Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 20/02/2017 10:16:04**



---

 **Grupo Parlamentario**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 20/02/2017 10:16:14**

**Noela Blanco Rodríguez na data 20/02/2017 10:16:26**

**Julio Torrado Quintela na data 20/02/2017 10:16:31**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**

**Data asento: 20/02/2017 10:55**

**Nº Rexistro: 5383**

Data envío: 20/02/2017 10:55:52.342

## **Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa a coñecer as medidas adoptadas pola Xunta de Galiza para demandar do Estado un novo modelo de reparto baseado en criterios de mantemento da actividade e emprego.

Na primeira visita que realiza a Galiza o novo Secretario Xeral de Pesca do Goberno español, deixa totalmente desautorizada á Conselleira do Mar do Goberno galego, ao afirmar a existencia de problemas na xestión das cotas no Caladoiro Cantábrico Noroeste, especialmente grave para a flota galega. A Conselleira defendía con uñas e dentes o actual modelo individual de reparto baseado en supostos dereitos históricos e xustificaba a boa marcha do modelo individual co incremento das descargas e os bos prezos.

Un modelo baseado nos supostos dereitos históricos, que ofreceu un reparto beneficioso para as comunidades do Cantábrico en especies como a xarda pero tremendamente prexudicial para a flota galega e que no caso do cerco foi a propia Conselleira a que se encargo de dividir ao sector e rematar dicindo que os únicos que piden o cambio son os pertencentes a Acerga, o resto están cómodos coa actual situación.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/02/2017 10:55**  
**Nº Rexistro: 5383**  
Data envío: 20/02/2017 10:55:52.342

Agora resulta que López-Asenjo, non só detecta graves problemas de xestión, senón que descubre graves irregularidades no reconto de cota, de tal xeito que mentres á flota galega non lle chegou a cota ou foi sancionada por excederse e algún barco multado por capturar especies esgotadas, resulta que quedaron toneladas sen pescar. Este ano 6.000 toneladas de xurelo e 1.000 toneladas de xarda.

O grave da situación é que foi o propio Secretario Xeral quen realizou esta reflexión mentres a responsable de Mar de Galiza permanece coa boca pechada. Semella que o sector encontra maiores sensibilidades no Estado que na propia administración galega.

Pero non nos enganemos, en Madrid saben da gravidade do problema, pero no canto de cuestionar o actual modelo, fala de establecer mecanismos de solidariedade e diálogo, de forma que se poida lograr un aproveitamento óptimo do recurso. Mentres que por parte galega nada se ten avanzado. Esperemos que coa nova responsable da Dirección Xeral se vaian adoptando medidas como: unificar a cota galega, unificar as zonas de pesca galega ou establecer unha mesa de diálogo para realizar un plan de xestión conxunto da cota galega.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- Que medidas vai adoptar o Goberno galego para demandar do Estado un novo modelo de reparto baseado en criterios de mantemento da actividade e do emprego?



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/02/2017 10:55**  
**Nº Rexistro: 5383**  
Data envío: 20/02/2017 10:55:52.342

2.- Considera razoábel que quedara cota sen consumir mentres a flota galega pasara apuros?

3.- Dado que o Secretario Xeral do Goberno español recoñece problemas de xestión das cotas para a flota galega, non lle parece que é momento de unificar criterios e enfrontar a modificación do actual modelo?

4.- Para cando medidas como aglutinar as zonas IXa e VIIIc ou a cota galega para facer unha xestión dende e para Galiza?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/02/2017 10:52:10**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/02/2017 10:55**  
**Nº Rexistro: 5383**  
Data envío: 20/02/2017 10:55:52.342

**Noa Presas Bergantiños na data 20/02/2017 10:52:16**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/02/2017 10:52:22**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/02/2017 10:52:27**

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/02/2017 10:52:31**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/02/2017 10:52:35**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao e Eva Solla Fernández,** deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do establecido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Múltiples comarcas galegas padecen a carencia de servizo de pediatría, ben por excesiva ratio de tarxetas por profesional, ben polo afastamento do centro onde atende a profesional de referencia, feitos agravados pola non reposición de prazas cando as profesionais se atopan de baixa.

A falta de servizo de pediatría no rural galego é unha constante, converténdose o déficit deste servizo básico nun factor máis que acentúa a tendencia demográfica regresiva.

Na Montaña lucense, as nenas e nenos sofren moitas carencias no servizo de pediatría. Até seis concellos comparten unha soa praza de pediatría, que atende en días alternos no Corgo, Láncara e Becerreá, ata onde se desprazan os e as pacientes dos outros concellos: Baralla, O Páramo e As Nogais. Cando a profesional está de baixa, a praza non se cubre por parte do SERGAS, quedando os concellos sen servizo e tendo que acudir a Lugo para a consulta pediátrica.

Sendo unha zona que, polos seus indicadores socioeconómicos negativos precisa de políticas de reforzo para garantir a permanencia da poboación no entorno, non se entende como a Xunta non considera prioritaria a dotación dun servizo de pediatría adecuado ás necesidades da poboación nin como a Xunta non reclama do Goberno Central as necesidades en número de novas e novos pediatras *ad futurum*, solicitando axustar estas necesidades na programación dos MIR por parte do Ministerio.



No Concello de Baralla, cunha poboación de 175 persoas entre 0 a 15 anos, segundo o Padrón municipal (2015), existe unha sala de pediatría, pero non hai consulta neste Concello, tendo que acudir os e as nenos ao concello do Corgo para ser atendidas só dous días á semana, os luns e mércores.

Neste momento, a profesional que atendía no Corgo leva dende outubro de 2016 de baixa, co cal as nenos e nenos de Baralla deben acudir a Lugo para ser atendidas por profesionais de Pediatría.

A Asociación Veciñal e Cultural “A Porta dos Ancares” ten recollidas máis de 1300 sinaturas entre a veciñanza do concello para solicitar que exista consulta pediátrica no Centro de Saúde de Baralla dous días á semana, petición apoiada por todos os grupos políticos municipais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

Cando vai o Goberno da Xunta implantar o servizo de pediatría no Concello de Baralla, canto menos, dous días á semana?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Eva Solla Fernández

Deputado e deputadas do G.P. de En Marea



**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 20/02/2017 11:43:42**

**Paula Vázquez Verao na data 20/02/2017 11:43:49**

**Eva Solla Fernández na data 20/02/2017 11:43:52**

## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Acaba de dimitir a metade dos membros do tribunal encargado da selección de actores para as dúas obras de Valle-Inclán -A filla do capitán e As galas do defunto-, que o Centro Dramático Galego vai poñer en escena, debido á falta de liberdade para realizar a súa función e as trabas postas pola Administración á labor creativa.

Consideramos que esta situación é grave, porque indica unha inxerencia inaceptable da Administración na labor dun tribunal, máxime cando xa houbo dúbidas sobre o desenvolvemento deste proceso de selección de actores e actrices cando se cambiaron os requisitos sobre o coñecemento esixido de galego.

É necesario que a Consellería de Cultura e Agadic dean explicacións inmediatas sobre o sucedido con este tribunal de selección.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Que motivos propiciaron a dimisión da metade dos membros do tribunal de selección de actores e actrices para o CDG?
- 2.<sup>a</sup>) Houbo inxerencias políticas na selección de actores e actrices para as novas producións do CDG?
- 3.<sup>a</sup>) Como vai garantir a Xunta a liberdade artística do tribunal encargado da selección?

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luis Álvarez Martínez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 20/02/2017 18:17:29**



 [Grupo Parlamentario](#)

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 20/02/2017 18:17:39**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**, sobre as subvencións e convenios realizados entre a Xunta de Galicia e a Hermandad Gallega.

De acordo coa resolución do 30 de novembro de 2016, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Resolución do 17 de decembro de 2015 na que se establecen as bases reguladoras e se convocan as subvencións correspondentes aos programas de actuación en favor das comunidades galegas no exterior para o exercicio 2016, a Hermandad Gallega de Venezuela, volve repetir como unha das colectividades máis agraciadas das devanditas axudas. Deste xeito, nesta última resolución concédenselle un total de 30.000€ repartidos en dous conceptos, 12.000 para gastos de funcionamento e 18.000 para Axudas para proxectos culturais, sociais, de accións informativas e proxectos promovidos pola xuventude.

Do mesmo xeito, na resolución do 30 de novembro de 2016, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Resolución do 21 de decembro de 2015 na que se establecen as bases reguladoras e se convocan as subvencións correspondentes aos programas de apoio infraestrutural e adquisición de equipamentos ás comunidades galegas no exterior para o exercicio 2016, foi tamén a que máis financiamento recibiu con 21.000 euros, cantidade que sí igualou o Centro Galego de México D.F. Situación que se repetiu no ano anterior, Neste mesmo programa, pero en 2015, a citada asociación levou 21.000 euros, cando tamén foi a colectividade no exterior que



máis diñeiro recibiu empatada coa Xuntanza de Asociacións Galegas en Catalunya.

Ademais, e alén destas convocatorias de concorrência pública, a devandita Hermandad recibe regularmente diñeiro da Xunta mediante convenios firmados adhoc, un instrumento legal que permite ás administracións subvencionar directamente a aquelas asociacións que desexe.

De xeito que a Secretaría Xeral da Emigración aportoulle 60.000 euros en maio de 2016 para a “prestación de asistencia sanitaria farmacolóxica a persoas de orixe galega”, ou 70.000 euros en maio de 2015 para “contribuír á atención das necesidades socio-asistenciais básicas dos cidadáns galegos”. En xaneiro de 2015, o departamento de Rodríguez Miranda pagáballe 20.000 euros para o desenvolvemento e mantemento dun software para a xestión dos programas da entidade”.

Pero a colaboración financeira da Xunta vai máis alá, xa que segundo outro convenio asinado entre a asociación e a Secretaría Xeral de Emigración, a Hermandad encárgase da Oficina de Información na que se leva a cabo a “difusión e asesoramento á colectividade galega de programas e actuacións desenvolvidos a prol dos galegos residentes no exterior”, financiada con 20.000 euros en 2016 e outros 20.000 en 2015.

Isto fixo que, mediante diferentes instrumentos, a secretaria de Rodríguez Miranda aportara á Hermandad máis de 290.000 euros en dous anos. Xusto a unha asociación con fortes vínculos co Partido Popular. Casualmente, José Antonio Alejandro González, é secretario da Hermandad Gallega de Venezuela en Caracas ademais de vogal na directiva do Partido Popular de Galicia.

De acordo coa información oficial publicada todo parece apuntar a que esta intensa colaboración vai continuar, toda vez que a semana pasada o secretario Xeral de Emigración e o devandito presidente e secretario da Hermandad tiveron



unha xuntanza trala que a secretaría xeral prometeu que ía **“intensificar a súa colaboración”** . Na nota feita pública, a Xunta asegura que a Hermandad é a máis numerosa das asociacións de emigrantes do país, con máis de 25.000 familias galegas asociadas. Segundo o os últimos datos do Padrón de Españois Residentes no Estranxeiro do Instituto Nacional de Estatística a 1 de xaneiro de 2016, residen en Venezuela un total de 46.095 galegas. Polo tanto, segundo os datos divulgados polo Goberno, serían socios da Hermandad máis do 54% dos galegos en Venezuela, un caso inédito na realidade da emigración galega.

Ante esta situación o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

Cantas subvencións, axudas ou convenios se teñen concedido á Hermandad Gallega ao longo dos últimos oito anos e para que finalidades concretas?

Que partidas orzamentarias se gastaron nos últimos oito anos na firma de convenios da Secretaría Xeral de Emigración e colectividades no exterior?

Cales foron os criterios que primaron na sinatura deses convenios?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**



**Luca Chao Pérez na data 20/02/2017 18:18:14**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa á privatización e concesión da xestión do Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa Lansbrica de San Cibrao de Lás (Ourense) a unha empresa dirixida por cargos pertencentes ao Partido Popular.

No ano 2014 a empresa Espiral Xestión Cultural, administrada por familiares de cargos do PP, recibiron da Xunta de Galicia 543.842,98 € ata 2017 para xestionar o **Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa Lansbria**, situado no castro da Idade de Ferro de San Cibrao de Lás (Ourense), que foi habitado entre o século II a.C. e o II d.C.

Esta empresa, que foi creada no 2013, isto é, con nula ou en todo caso moi reducida experiencia en xestión cultural, viuse beneficiada polo feito de ser unha empresa xestionada por cargos do Partido Popular. Con dous administradores solidarios: Jorge Sayáns (fillo do alcalde do PP de Campo Lameiro) e Xulio Sayáns (do PP, con bastón de mando dende 1983).

A pesares da súa escasa vida, esta empresa fora beneficiada xa con anterioridade para a xestión do parque arqueolóxico dedicado á arte rupestre de Campo Lameiro, sen necesidade de pasar pola mesa de contratación pública. Subrogáronselles 554,500 € para que continuasen a xestión de *Ingenia Qued* que entrara en concurso de acredores.



Parte dos petróglifos de Campo Lameiro, foron danados por maquinaria pesada durante a roza do monte a consecuencia da mala xestión desta empresa no PAAR.

O xerente de Espiral Xestión, quen se fixo cargo do contrato do parque en febreiro de 2012, xa exercía como xefe de mantemento e responsable de administración no organigrama de *Ingenia Qued*, a adxudicataria inicial do concurso público para a explotación do centro.

A empresa Espiral Xestión Cultural remata a súa xestión no Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa *Lansbrica* de San Cibrao de Lás (Ourense) neste ano 2017.

Segue resultando anoxante ver como a empresa Espiral se lucra con diñeiro público entregado “a dedo”. O ben público que é o noso patrimonio, entregado a empresas amigas, nun claro exercicio de nepotismo. E despois de ter demostrado a súa incompetencia despois de danar petróglifos en Campo Lameiro.

Non podemos esquecer en que contexto xurde esta Rede Galega de Parques Arqueolóxicos de Galicia. Presuntamente cada un destes parques ía actuar como motor dinamizador nas economías locais e como motor na investigación de cada área (neste caso na Cultura Castrexa) .

Por todo isto o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

1. Vai a promover o Goberno galego unha auditoría pública á empresa concesionaria, xa que existen dúbidas sobre o proceso de adxudicación pero tamén da súa xestión en todo este tempo: incumprimentos no número de persoas contratadas diferente ao presentado en proxecto, falta mantemento das instalacións, falta de pago a provedores, situación contable da empresa en quebra impedida por lei para participar en concursos públicos?
2. Vai poñer marcha un modelo mixto de xestión integral: outorgar máis peso e participación nos mesmos a institucións públicas como Museos, Grupos de



Investigación de Universidades, etc. e aumentar o nivel de fiscalización das empresas xestoras. Mellorar a cooperación entre ambos axentes?

3. Vai reservar partidas orzamentarias necesarias para a posta en valor do xacemento arqueolóxico no seu contexto humano e físico, actuando sobre elementos singulares próximos ao mesmo e promovendo actividades que axuden a mellorar o seu recoñecemento social entre a comunidade local?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Boveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 21/02/2017 11:01:11**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/02/2017 11:01:24**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/02/2017 13:39**  
**Nº Rexistro: 5448**  
Data envío: 21/02/2017 13:39:34.405

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

“O proceso de recría está unido irremediabilmente ó proceso produtivo do leite. Coas marxes tan reducidas, a volatilidade do mercado e a necesidade de aumenta-la produción pra reducir custes, as cuxas e becerras vense moitas veces marxinadas e abandonadas a instalacións vellas ou impropias para elas, con falta de tempo e dedicación profesional dos seus xestores, e tamén ó uso na súa alimentación de materias primas que foron por veces rexeitadas para alimenta-los animais en produción pola súa dubidosa calidade.” (José Ahedo e Alex Bach, *El sector lácteo español en la encrucijada*)

Actualmente no noso País unha boa parte do sector lácteo ten unha alta especialización na produción de leite adicando todo o espazo das súas explotacións ó manexo de animais de alta produción.

Manter este nivel esixe o relevo dos animais que comezan o seu declive produtor con xovencas en óptimas condicións de maduración, alimentación e desenvolvemento físico.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/02/2017 13:39**  
**Nº Rexistro: 5448**  
Data envío: 21/02/2017 13:39:34.405

Graxas de potencial, especializadas en altas producións de leite, non teñen espazo pra recría das súas propias becerras. Mándanse fóra, e volven preñadas chegadas para parir.

A recría é unha actividade que esixe, coma o manexo na produción, unha alta especialización para lograr femias preñas, ben desenvolvidas, no menor tempo posible e cun peso e desenvolvemento adecuado para o parto.

En Galicia temos poucos centros especializados na recría de cuxas que garantan un aproveitamento adecuado da materia prima e un acabado, (co parto entre os 22 e 24 meses), do proceso de recría con animais sáns, ben constituídos e nas mellores condicións de comezar a súa vida produtiva.

Actualmente, en moitas explotacións a recría é un proceso que se fai por rutina e sen os coñecementos necesarios que se requiren a día de hoxe.

Entre 5.000 e 6.000 cuxas de excelente xenética de explotacións galegas son recriadas fóra de Galicia. Calculamos que poden corresponder a unhas 100 explotacións.

Un cálculo feito así por riba sería:

Xovenca: 22 meses x 30 días x 2,5 euros/día= 1.650 euros/xovenca

Sumando seme e portes a suma ascende a 1.850 euros/xovenca

Calculando polo baixo 5.000 xovenca x 1.850 euros: 9.250.000 euros que saen das explotacións galegas e non repercuten na nosa economía. Unha vez máis perdemos cartos que deberían reforza-la nosa economía creando riqueza aquí.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/02/2017 13:39**  
**Nº Rexistro: 5448**

Data envío: 21/02/2017 13:39:34.405

Por todo isto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-É consciente a Consellería de M. Rural da necesidade de externalización da recría por parte dun bo número de explotacións lácteas?

-Ten previsto algún xeito de planificación para impulsar e incentivar o xurdimento de centros de recría en Galicia que atendan esas necesidades?

-Está dentro dos proxectos do goberno galego o deseño de cursos de formación, para gandeiras, gandeiros e persoal asalariado, que dean un impulso en calidade e especialización da recría de xovencas de leite.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2017

**Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/02/2017 13:39**  
**Nº Rexistro: 5448**  
Data envío: 21/02/2017 13:39:34.405

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2017 13:38:12**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2017 13:38:17**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2017 13:38:21**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2017 13:38:24**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2017 13:38:27**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2017 13:38:30**

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Alvarez**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O 4 de novembro de 2016 a vila de Cambados foi elixida Cidade Europea do Viño 2017, na xuntanza da Rede Europea de Cidades do Viño (RECEVIN) en Palmela (Portugal), recollendo a testemuña da vila italiana de Conegliano. Esta distinción permitirá á vila cambadesa celebrar múltiples actividades ao longo deste 2017 e promocionarse turisticamente de xeito destacado.

Cambados ten na súa promoción turística asociada ao viño albariño unha das súas fontes de ingresos económicos máis potentes, sendo as festas do Albariño, que teñen a súa semana grande nos inicios de agosto, o punto álxido. A relevancia que vinculación de Cambados co viño vén adquirindo progresivamente outorga maior importancia ao nomeamento da vila como Cidade Europea do Viño 2017, e permite abrir moitas opcións de promoción que, cunha axeitada colaboración entre institucións, aportará a Cambados un impulso moi destacado.

O nomeamento recibido debera servir para promocionar á vila xa coñecida como “vila do albariño” dentro do sector etnolóxico, e a aproveitar as posibilidades para que as distintas administracións teñan proxectos comúns que aposten por un impacto turístico, en definitiva económico, para Cambados. A pesares disto, o Goberno municipal está a atopar atrancos na súa relación coa Xunta de Galicia e o apoio que debera recibir da Administración autonómica. A pesares de ter solicitado xuntanzas dos membros do Goberno con persoas da Administración de turismo, non houbo aínda nin sequera resposta ás solicitudes. Cambados está a desenvolver varios proxectos de promoción exterior da súa imaxe e da distinción, sen que ningún deles reciba colaboración administrativa, técnica ou económica por parte da Xunta de Galicia. De maneira destacada, o recoñecemento como Cidade Europea do Viño 2017 foi presentado na recente feira de Fitur en Madrid, no pasado mes de xaneiro. Dentro das

 Grupo Parlamentario

distintas actividades de promoción deste galardón, e da propia vila de Cambados, desenvolveuse un acto no stand habilitado de TurEspaña. Nesa presentación dos representantes municipais houbo representación tamén doutros concellos, da Deputación de Pontevedra e do Goberno de España a través de membros de distintos ministerios. Non entanto, ningunha persoa representante do Goberno galego e a administración da Xunta de Galicia estivo nin nese importante e relevante acto que os representantes do Goberno municipal de Cambados realizaron con motivo da súa promoción. O mesmo ocorreu na recollida do galardón que os membros do Goberno municipal en Bruxelas o pasado 8 de febreiro, e que foi simbolicamente o inicio da promoción das actividades.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno de Galicia aceptable o desatendemento á vila de Cambados non respondendo as solicitudes de xuntanzas e non acompañando as presentacións nacionais e internacionais que se realizan?
2. Cree o Goberno galego que é aceptable que non exista representación da Xunta de Galicia nos actos de promoción de Cambados como Cidade Europea do Viño 2017?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia algunha liña de apoio institucional e económico para desenvolver as actividades previstas con motivo da distinción de Cambados?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
José Manuel Pérez Seco  
Abel Losada Alvarez

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



 Grupo Parlamentario

**Julio Torrado Quintela na data 21/02/2017 14:06:13**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/02/2017 14:06:19**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/02/2017 14:06:25**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A finais de 2015 rematouse de construír en Cambados o demandado centro de día, iniciado un ano antes, que supoñía unha necesidade para a vila e que foi motivo de diversos anuncios e unha presumible imaxe electoral do compromiso da Xunta de Galicia con Cambados durante as eleccións municipais de maio de 2015. O cambio de Goberno municipal provocou un enfriamento das relacións do Goberno autonómico co local, e o centro de día pasou a ser un elemento tamén simbólico, neste caso das dificultades para culminar as promesas da Xunta de Galicia fronte ao Goberno municipal actual.

O centro de día quedou sen equipamento, e sen orzamentos para dotalo en 2016, pois se incluíu para este fin unha sorprendente partida de 12,99€. Durante o ano, as promesas foron de implementar os fondos necesarios nos orzamentos de 2017 para equipar os mobles necesarios e os arranxos básicos para poder abrir o centro e poñelo en funcionamento. O delegado da Xunta de Galicia para a provincia de Pontevedra, José Manuel Cores Tourís, quen fora ademais alcalde de Cambados, comprometeu que o compromiso da Xunta de Galicia era poñer en marcha o antes posible o centro de día durante a súa visita institucional ao Concello de Cambados no 25 de novembro de 2016. A Consellería de Política Social apuntou a marzo como data para poder abrir, apoiándose no esforzo que se podería facer nos orzamentos de 2017, a pesares de que avanzou que se faría con menos prazas das previstas (20 fronte as 40 que inicialmente se preveran). A Xunta de Galicia valorou en 90.000€ o custo do equipamento necesario. Finalmente, os orzamentos de 2017 inclúen unha contía de 75.000€, sen que existira motivación para esa diminución. O Grupo Parlamentario Socialista presentou emenda aos orzamentos solicitando incrementar esa partida en 10.000€ para aproximala á inicialmente sinalada.

Ademais do custo do equipamento do centro de día, a demora na súa apertura provocou un deterioro da instalación, e que fora obxecto de actos

 Grupo Parlamentario

vandálicos que provocaron algún dano na edificación. A conxunción desto coa necesidade de que o centro sexa equipado segundo foi comprometido, e a previsión para equipalo e dotalo de servizos que permitan o progresivo aumento de prazas ata chegar ao comprometido inicialmente son cuestións que non poden quedar sen resolver.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Pode garantir o Goberno galego que terminará a dotación de equipamento e servizos do centro de día de Cambados para que estea dispoñible para a súa apertura no menor tempo posible?
2. Ten o Goberno galego previsión de cando poderá ter dispoñible o centro de día para que poida ser aberto?
3. Considera a Consellería de Política Social aceptable que un centro de día quede un ano sen equipar e sen poder ser utilizado polo abandono tras realizar a obra da instalación?
4. Ten que ver a demora no equipamento e apertura do centro de día o feito de que tivera cambiado o Goberno municipal de Cambados?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 21/02/2017 14:09:11**

**Noela Blanco Rodríguez na data 21/02/2017 14:09:16**

 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A cantidade de area acumulada na dársena do porto de Espasante no concello de Ortigueira, aumenta ano tras ano o que supón un perigo para os barcos pesqueiros e lanchas de recreo.

Dende Portos de Galicia xa se realizaron diversas tomas de mostras do material a dragar, para analízalo e coñecer as súas características, e en función diso decidir onde se pode verter, trala conclusión, trátase dun material areoso de boa calidade.

En xullo de 2013 o presidente de Portos de Galicia, presentou un proxecto de dragado explicando a que superficie afectaría, e a cantidade de area que sería retirada ata acadar un calado de 2 metros, comprometéndose a iniciar as obras na primavera do 2014, pero en maio de 2014 confirmouse o atraso pola necesidade de facer un estudio arqueolóxico do castro de Punta dos Prados.

Ante esta situación os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) É coñecedor o Goberno galego da situación da dársena do porto de Espasante?

2ª) Fixo Portos de Galicia o estudio arqueolóxico do castro de Punta dos Prados, se for o caso, cales foron as conclusións do dito estudo?



 **Grupo Parlamentario**

3ª) Ten o Goberno galego previsto algún prazo para desenvolver o proxecto do dragado do porto de Espasante?

4ª) Ten Portos de Galicia feito o estudio de xestión do material, é dicir, onde se vai depositar ou se hai posibilidades de darlle algún uso?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

5ª) Cal vai ser o investimento do proxecto de dragado do porto de Espasante?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/02/2017 12:52:59**

**María Dolores Toja Suárez na data 21/02/2017 12:53:12**

**Julio Torrado Quintela na data 21/02/2017 12:53:26**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/02/2017 16:31**  
**Nº Rexistro: 5465**  
Data envío: 21/02/2017 16:31:52.670

## **Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á orde que regula novas instalación de produción eléctrica fotovoltaica.

O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital está a traballar nunha proposta de orde pola que se regula o procedemento de asignación do réxime retributivo específico na convocatoria para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partires de fontes de enerxía renovábeis.

Na versión do 29 de decembro de 2016 desta proposta, no Anexo da mesma, e en concreto no apartado 1.1., contémplanse os parámetros retributivos das instalacións tipo de referencia con autorización de explotación definitiva nos anos 2017, 2018, 2019 que serán de aplicación no semiperíodo regulatorio que comeza o 1 de xaneiro de 2017.

No relativo ao número de horas equivalentes de funcionamento mínimo anual, a proposta contempla 2.367 horas para a enerxía fotovoltaica. Doutra banda, o Instituto Xeográfico “Nacional”, dependente do goberno de España, amosa que a insolación anula, que é un valor que se obtén a partires do número de horas de sol rexistradas ao longo do ano, cuantifica as de Galiza nuns valores entre 1.600 e 2.000 horas.

Por isto, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/02/2017 16:31**  
**Nº Rexistro: 5465**  
Data envío: 21/02/2017 16:31:52.670

-Cal é a valoración da Xunta de Galiza sobre as potencialidades da enerxía fotovoltaica en Galiza?

-Considera a Xunta de Galiza que a enerxía fotovoltaica ten en Galiza o marco acaído para o seu desenvolvemento?

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza sobre a posíbel afectación á fotovoltaica galega deste límite de horas mínimo contemplado na citada proposta?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2017

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2017 16:30:41**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2017 16:30:46**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/02/2017 16:31**  
**Nº Rexistro: 5465**  
Data envío: 21/02/2017 16:31:52.670

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2017 16:30:49**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2017 16:30:53**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2017 16:30:54**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2017 16:30:58**

## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, Abel Losada Álvarez e Juan Manuel Pérez Seco**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A pesar do continuo exercicio de publicidade e propaganda sobre a extensión das TIC's no territorio da Comunidade Autónoma, e das inxentes cantidades de fondos que se destinan a apoiar esta extensión, a realidade, denunciada en moitas ocasións polo Grupo Socialista é que as zonas de sombra son aínda moitas en Galicia. E non só en zonas illadas do interior, senón en moitos casos en núcleos urbanos.

Así está a ocorrer no centro do núcleo urbano de Baralla (provincia de Lugo), onde varios veciños e veciñas solicitaron á empresa Telefónica-Movistar conexión telefónica e máis servizo de internet pero que non o conseguen xa que a empresa afirma que non conta con liñas suficientes e que tería que facer un investimento que non lle resulta rendible.

O servizo telefónico e de internet é hoxe un servizo básico que debe estar asegurado, independentemente do custo ou beneficio para a empresa, máxime cando é nun núcleo urbano e cunha empresa que continuamente recibe subvencións públicas.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1.<sup>a</sup>) É coñecedora a Xunta de Galicia da situación de clara discriminación que están a sufrir moitos veciños e veciñas do núcleo urbano de Baralla en termos de acceso a servizos de telefonía e de internet coa calidade axeitada a través de conexión terrestre?

2.<sup>a</sup>) Que ten pensado facer a Xunta de Galicia ante esta situación?

3.<sup>a</sup>) Tense posto en contacto a Xunta de Galicia coa empresa

 Grupo Parlamentario

Telefónica-Movistar, receptora de fondos públicos, para tentar solucionar esta situación de discriminación?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2017

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Asdo.: Concepción Burgo López  
Abel Losada Álvarez  
José Manuel Pérez Seco  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 21/02/2017 16:50:52**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/02/2017 16:51:01**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/02/2017 16:51:10**

## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, Luis Manuel Alvarez Martínez e Concepción Burgo López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O concello de Vila de Cruces, pertencente á comarca do Deza, conta con 4 centros de primaria, dous situados nas parroquias de Merza e Piloño e os outros no propio centro urbano do concello. As instalacións do CEIP Nosa Señora da Piedade, en Vila de Cruces, constan de dous edificios, o edificio nº1 nado no curso escolar 71/72 e o edificio nº2 nado posteriormente no 73/74.

A fusión dos mesmos produciuse no ano 1983, atendéndose nun deles aos nenos e nenas de primaria e no outro aos de infantil.

Existe unha demanda que a comunidade educativa vén facendo dende fai anos para a unificación das unidades de primaria e infantil, a día de hoxe localizadas en edificacións independentes, dentro do mesmo recinto escolar, así como da execución dunha zona exterior abrigada que permita aos rapaces gozar do recreo en días de choiva, así como poder facer deporte nunha área máis ampla e adaptada ás necesidades do centro.

Polo tanto son os problemas de xestión do centro por un lado, e a exposición dos nenos e nenas á intemperie por outro, os que levan a impulsar esta reclamación.

Son varias as ocasións durante o día na que os nenos e nenas máis pequenas do centro teñen que desprazarse dun a outro centro, para facer uso do comedor, diariamente, e doutras aulas puntualmente.

Así como tamén o son as veces que durante o día o profesorado e persoal do centro ten que desprazarse para atender ás diferentes aulas de primaria ou infantil.

A maiores destes inconvenientes, durante o inverno son moitos os días nos que os rapaces e rapazas teñen que gozar os seus momentos de recreo nos corredores ou aulas do propio colexio, ao non ter un espazo exterior cuberto suficiente para albergar aos case 200 alumnos que ten o centro. Esta instalación aproveitaríase para resolver ou minimizar en todo caso o actual desabrigo dentro do recinto escolar, entre o lugar de desembarco dos autobuses e a edificación principal.

Estas demandas resolveríanse polo tanto acometendo obras de:

- **Adaptación de aulas no edificio 1**, (a día de hoxe o que alberga as aulas de primaria) que pasarían pola división e reconversión dunhas salas existentes no mesmo, en novas aulas, adaptándoas as necesidades actuais e coa execución, tamén dentro dos espazos xa existentes, duns novos aseos que se adapten aos requisitos normativos para os nenos de curta idade, e precisos para dar servizo os grupos de infantil.
- **Ampliación ou construción dun novo espazo exterior ou patio cuberto**, no lugar onde hoxe se sitúa un pequeno ximnasio, que funcione como tal e para poder facer uso durante os recreos os días de choiva.

Polo exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É coñecedora a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das novas necesidades a nivel dotacional e educativas dos centros pertencentes ao ámbito rural en Galicia?
2. Ten coñecemento das dificultades funcionais do CEIP Nosa Señora da Piedade en Vila de Cruces?
3. Cal é a súa valoración sobre as mesmas?
4. Ten pensada a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria levar a cabo accións que contemplan a unificación nun

 Grupo Parlamentario

mesmo edificio das unidades de primaria e infantil do CEIP Nosa Señora da Piedade?

5. Tendo en conta o número de alumnos e as carencias existentes na superficie de ximnasio, así como de espazo exterior cuberto, contempla esta consellería acometer algún tipo de nova construción que resolva estas circunstancias?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Luis Manuel Alvarez Martínez  
Concepción Burgo López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 21/02/2017 17:02:39**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 21/02/2017 17:02:45**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 21/02/2017 17:02:51**

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Comité de Empresa de Compostela Grupo Norte-Limpeza da Xunta de Galicia dirixiuse aos grupos parlamentarios para expoñerlle as situacións irregulares que están a apreciar na licitación actual dos servizos de limpeza de edificios administrativos da Xunta de Galicia.

Concretamente, refírese esta situación á licitación anunciada pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza mediante Resolución publicada no DOG núm. 17 do 25 de xaneiro de 2017, suxeita a regulación harmonizada, *do servizo de limpeza dos edificios administrativos e outros locais do sector público autonómico e doutros organismos e administracións adheridos a este sistema de contratación centralizada, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria, adxudicación baseada en multicriterios e como anticipado de gasto.*

O valor total estimado deste contrato ascende a 45.103.279,32 euros, sen división en lotes, e cun prazo de execución de vinte e catro meses, prorrogable por un prazo máximo igual ao do contrato.

O prazo de presentación de ofertas ten rematado o pasado 13 de febreiro de 2017, estando fixada a data de apertura do sobre B "Documentación relativa aos criterios de adxudicación non avaliados automaticamente" para o día 23 de febreiro actual.

O dito Comité de empresa esixe a paralización desta licitación xa que por parte da Consellería non se lle ten enviado a documentación relativa á oferta presentada pola actual adxudicataria, que contén información de carácter laboral precisa para verificar o cumprimento do contrato e a corrección das prescricións da actual licitación en materia de cadro de persoal, compromisos de substitucións, quendas de traballo.

Neste sentido, considerando o valor total desta licitación, o número de traballadores e centros afectados, obsérvase que son moitas as consultas e dúbidas que as empresas interesadas están formulando no perfil do contratante para esta licitación.

 Grupo Parlamentario

Polo exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten previsto a Xunta de Galicia paralizar esta licitación mentres non se solucionen todas as eivas de información solicitadas polo Comité de Empresa e polas empresas interesadas?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2ª) Cales son as razóns da falta de información en materia laboral ao Comité de Empresa?

3ª) Considerando o obxecto do contrato e a relación de centros incluídos nos servizos que se licitan, cal é razón de non dividir en lotes este contrato?

4ª) Cales son os mecanismos de seguimento, control e penalización por eventuais incumprimentos deste contrato e desta clase de contratos por parte da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 21/02/2017 16:58:12**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 21/02/2017 16:58:25**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/02/2017 16:58:33**

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Hai un par de meses, nun medio de comunicación galego falábase de que os delitos contra a propiedade privada, entre outros, se teñen disparado en grande parte dos concellos da Costa da Morte. Como consecuencia, este grupo parlamentario rexistraba e debatía iniciativas sobre esta cuestión, posto que é a seguridade de Galicia e, polo tanto, o benestar da cidadanía, o que está en xogo. O PP votaba en contra.

O Sindicato Unificado de Policía denunciou nestes días que a falta de policía nacionais é a maior en 20 anos, que hai máis de 600 prazas sen cubrir, que se teñen disolto (sen novidade algunha) grupos de investigación ...

A Unión de Gardas Civís de Galicia denuncia que, habendo na nosa Comunidade uns 4.000 efectivos, son necesarios 450 máis; en capitais de provincia hai postos, pero non principais; non se cobren as vacantes; a maioría dos cuarteis están en condicións infrahumanas; non hai GPS nos vehículos (moitos con máis de 500.000 quilómetros e máis de 10 anos de antigüidade) ...

Segundo o propio conselleiro de Vicepresidencia, en xullo de 2013 había 470 efectivos da Unidade de Policía Adscrita; en 2016 había 443...

O Sindicato Profesional de Policía Locais de España en Galicia pide a posibilidade de mancomunar servizos, máis financiamento para a adquisición de medios materiais (vehículos incluídos)...

E que dicir “da abundancia” de chalecos antibalas en todos os casos ...

 Grupo Parlamentario

Todo o anterior ten varias consecuencias: Galicia é a Comunidade con menor cifra relativa de policía e gardas civís e a que máis funcionarios e funcionarias ten perdido. Entre xullo de 2010 e 2016, un descenso do 8,3 %, que sextuplica a redución de persoal xeral en toda España nese mesmo período (o 1,4 %). E iso redunda na falta de seguridade, na redución do benestar.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que explicación ten o Goberno galego para a redución de case 30 efectivos na Unidade de Policía Adscrita en 3 anos?
2. Que significa que o Goberno galego vaia tentar que se manteña un número de efectivos que permitan desenvolver as funcións Unidade de Policía Adscrita con normalidade?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 22/02/2017 10:28:23**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/02/2017 10:28:36**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/02/2017 10:28:42**

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Abel Losada Alvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Onte mesmo, a Xunta de Xuíces do Civil da cidade de Vigo formulaba, para o máis que probable aluvián de demandas polas cláusulas chan, un modelo idéntico ao reforzo que houbo no seu momento coas preferentes. E dicir, a Xunta de Xuíces oponse a que estes litixios caian nos 12 xulgados civís actuais da cidade, propoñendo que se cree *ex novo* un xulgado cos medios persoais e materiais axeitados e necesarios, o que significa unha sala cun xuíz, un letrado da Administración de xustiza (o antigo secretario), funcionarios, unha sede e reparto propio.

O propio decano dos xuíces levará esta proposta á reunión no *Consejo General del Poder Judicial*, que se vai celebrar en Madrid o vindeiro martes para poñer en marcha un plan de urxencia. E iso sen prexuízo da solución extraxudicial aprobada polo Goberno estatal que, de momento, non se sabe se vai ser ou non efectiva.

O Grupo Parlamentario Socialista entende que esta proposta é absolutamente razoable, e non só para Vigo, senón tamén para as principais cidades de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cre o Goberno galego que o modelo de reforzo que houbo no seu momento coas preferentes, pode ser o idóneo para facer fronte ao máis que probable aluvián de demandas polas cláusulas chan?
2. Cal é a opinión do Goberno galego sobre a proposta da Xunta de Xuíces do Civil da cidade de Vigo?

 Grupo Parlamentario

3. Comparte o Goberno galego que esta podería ser unha solución nas principais cidades de Galicia?
4. Vai esixir o Goberno galego a creación *ex novo* de sete xulgados de reforzo en Galicia (un en cada capital de provincia, en Vigo, Ferrol e en Santiago de Compostela) cos medios persoais e materiais axeitados e necesarios?
5. Ten o Goberno galego algunha novidade sobre a implantación da solución extraxudicial aprobada polo Goberno estatal?

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Xoaquín Fernández Leiceaga  
Abel Losada Alvarez  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 22/02/2017 10:36:51**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/02/2017 10:36:56**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/02/2017 10:37:01**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/02/2017 10:37:06**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/02/2017 10:37:12**

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Segundo datos da Consellería de Política Social, en 2015 Galicia contaba cun total de 498 escolas infantís (nos que se inclúen os centros de iniciativa pública, social, e privada con ánimo de lucro), que ofertaban 28.605 prazas. Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos ascende a 81.235 persoas, a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en 35,2. A Coruña é a provincia que rexistra a proporción máis elevada dado que os 226 centros existentes ofrecen unha rateo de 38,4 prazas. Séguelle Pontevedra, con case 34,8 prazas por cada cen nenos de 0-3 anos, e a continuación sitúanse Ourense e Lugo, con 30,6 e 28 prazas, respectivamente.

En novembro de 2016 a Xunta de Galicia anunciaba o incremento da oferta pública na Rede Galiña Azul, comprometéndose á creación durante a X lexislatura de 1.000 novas prazas. Dende o Grupo Socialista temémonos que este anuncio do Goberno galego non sexa máis que a continuación das políticas do Señor Feijoo, que dende a súa chegada á Presidencia da Xunta de Galicia camiñan pola senda da privatización de servizos públicos.

Presume de novas prazas en garderías namentres pecha e desmantela as escolas infantís públicas, infradotadas de persoal, amortizando prazas, diminuindo o persoal, e deteriorando a calidade dos servizos que se prestan nas mesmas.

Entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais debera estar a de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes, e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral. A propia Valedora do Pobo, partindo da queixa dun particular, recomendou que para avanzar en materia de conciliación a asistencia dos nenos e nenas á escola infantil, tamén en períodos de vacacións escolares, debía consolidarse como unha das vías de apoio á mesma. A Axencia Galega de Servizos Sociais, dependente da Consellería de Política Social, anunciou recentemente que aceptaría esta recomendación da Valedora do

 Grupo Parlamentario

Pobo e accederá dende o próximo curso a manter polo menos unha escola infantil aberta por localidade nos períodos de vacacións de Nadal e Semana Santa.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando ten previsto a Xunta de Galicia regular a apertura dos centros de educación infantil durante as vacacións escolares?
2. Vai o Goberno galego a abrir escolas infantís públicas durante a Semana Santa deste ano?
3. Vai a manter o Goberno galego os criterios de asistencia mínima de usuarios para a apertura de escolas infantís durante as vacacións?
4. Ten previsto a Xunta de Galicia, adaptar a apertura fóra do horario lectivo das escolas infantís á demanda existente?
5. Vai manter ao Goberno galego que sexa requisito imprescindible para as familias a xustificación da necesidade que teñen de levar os seus nenos e nenas á escola infantil nesas datas?
6. Que criterios vai establecer a Xunta de Galicia para establecer a apertura dos centros de educación infantil durante as vacacións escolares?
7. De producirse a apertura destes centros durante as vacacións escolares, como ten previsto o Goberno galego cumprir coas necesidades de persoal que permitan planificar o descanso do persoal?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 22/02/2017 10:43:29**



 **Grupo Parlamentario**

**Julio Torrado Quintela na data 22/02/2017 10:43:36**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A situación da atención á discapacidade e á dependencia en Galicia están a sufrir un gran deterioro derivado das políticas de retallos e desatención da Xunta de Galicia, ademais das insufribles listas de espera, do limbo da dependencia, este ámbito é mostra tamén das disfuncións territoriais e da marxinación que sofre a provincia de Ourense.

A Plataforma PROCAPOURENSE (Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional), composta polos nais e nais de nenos e nenas con discapacidade, ANPA do CEE Miño, e unha amplísima representación de organizacións políticas, sindicais, e sociais da provincia de Ourense, leva tempo poñendo en evidencia unha destas discriminacións, evidenciando a falla de infraestruturas públicas non concertadas na provincia que permitan a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos atendidas nese centro ou en calquera outro da provincia.

Ourense é a única provincia que non dispón dun espazo destas características, xa que en Lugo hai un centro en Sarria con 120 prazas, Pontevedra dispón dun en Redondela co mesmo número de prazas, e a provincia da Coruña tamén conta cun centro público para que estas persoas poidan continuar coa súa formación e mellora da saúde. Que Ourense non dispoña dun centro destas características supón auténticos dramas familiares ao ter que separar centos de quilómetros ás nais e pais dos seus fillos e fillas, e vulnera o dereito a decidir das familias, polo que compre dar unha solución áxil e axeitada a esta situación tal como demanda dita plataforma cidadá.

Ás portas do comezo da campaña electoral das eleccións autonómicas celebradas o 25 de setembro do 2016, a Xunta de Galicia anunciaba o seu compromiso para poñer un marcha un centro público en Ourense para a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos, sen facer ningún tipo de concreción a respecto de cando se construíra o mesmo, o número de prazas do que disporá, e se os servizos que se presten no

 Grupo Parlamentario

mesmo serán todos de titularidade pública.

Tralas protestas, non soamente das nais e pais e de toda a esta plataforma cidadá senón tamén de milleiros de ourensáns e ourensás que saíron as rúas para reclamar a Xunta de Galicia que cumprira os seus compromisos, a Consellería de Política Social mudaba a posible situación do mesmo.

Dende o Goberno galego anunciábase que o Centro de Atención a Persoas con Discapacidade maiores de 21 anos, CAPD de Ourense, se construíría nun solar cedido polo Concello de Ourense no barrio de Barrocás.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é a edificabilidade do terreo no que a Xunta de Galicia ten previsto construír o centro de atención a persoas con diversidade funcional de Ourense?
2. De cantas prazas disporá dito centro?
3. Que orzamento dedicará a Xunta de Galicia á construción deste centro?
4. Tendo en conta a modificación do proxecto, ten previsto o Goberno galego incrementar o orzamento dedicado para este ano 2017 para a construción do Cap de Ourense?
5. En que data ten previsto a Xunta de Galicia sacar a concurso a redacción do proxecto desta infraestrutura?
6. Cando ten previsto o Goberno galego licitar a construción deste centro?
7. Incluirá o proxecto os espazos de cociña, lavandería, salas de terapias, salas de fisioterapia e de logopedas?
8. Comprométese o Goberno galego a garantir que ningún dos servizos que se prestarán neste centro será a través de empresas privadas para suplir a existencia dunha rede pública, é dicir a que o centro sexa 100 % de xestión e titularidade pública?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Raúl Fernández Fernández

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 22/02/2017 10:47:29**

**Raúl Fernández Fernández na data 22/02/2017 10:47:36**

**Julio Torrado Quintela na data 22/02/2017 10:47:39**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Hai un par de meses, nun medio de comunicación galego falábase de que os delitos contra a propiedade privada, entre outros, se teñen disparado en grande parte dos concellos da Costa da Morte. Como consecuencia, este grupo parlamentario rexistraba e debatía iniciativas sobre esta cuestión, posto que é a seguridade de Galicia e, polo tanto, o benestar da cidadanía, o que está en xogo. O PP votaba en contra.

O Sindicato Unificado de Policía denunciou nestes días que a falta de policía nacionais é a maior en 20 anos, que hai máis de 600 prazas sen cubrir, que se teñen disolto (sen novidade algunha) grupos de investigación ...

A Unión de Gardas Cívís de Galicia denuncia que, habendo na nosa Comunidade uns 4.000 efectivos, son necesarios 450 máis; en capitais de provincia hai postos, pero non principais; non se cobren as vacantes; a maioría dos cuarteis están en condicións infrahumanas; non hai GPS nos vehículos (moitos con máis de 500.000 quilómetros e máis de 10 anos de antigüidade) ...

Segundo o propio conselleiro de Vicepresidencia, en xullo de 2013 había 470 efectivos da Unidade de Policía Adscrita; en 2016 había 443...

O Sindicato Profesional de Policía Locais de España en Galicia pide a posibilidade de mancomunar servizos, máis financiamento para a adquisición de medios materiais (vehículos incluídos) ...

E que dicir “da abundancia” de chalecos antibalas en todos os casos ...

Todo o anterior ten varias consecuencias: Galicia é a Comunidade con menor cifra relativa de policía e gardas cívís e a que máis funcionarios e

**Grupo Parlamentario**

funcionarias ten perdido. Entre xullo de 2010 e 2016, un descenso do 8,3 %, que sextuplica a redución de persoal xeral en toda España nese mesmo período (o 1,4 %). E iso redunda na falta de seguridade, na redución do benestar.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que ten que dicir o Goberno galego sobre o feito de que son necesarios novos 450 gardas civís?
2. Considera o Goberno galego que é efectivo que nas capitais de provincia haxa postos da garda civil, pero non principais?
3. Que ten que dicir o Goberno de que non se cubran as vacantes?
4. Que lle parece ao Goberno as condicións da maioría dos cuarteis da Garda Civil en Galicia?
5. Coñece o Goberno galego as condicións dos vehículos deste corpo?
6. Vai facer algunha destas reclamacións ao Ministerio do Interior?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Juan Manuel Díaz Villoslada

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 22/02/2017 10:52:52**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/02/2017 10:52:59**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/02/2017 10:53:05**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/02/2017 18:03**  
**Nº Rexistro: 5536**  
Data envío: 22/02/2017 18:03:58.934

## **Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á recuperación por parte da Xunta de Galicia da xestión dos medios marítimos dos buques do Servizo de Gardacostas de Galicia.

No ano 2006 iniciábase o expediente de contratación polo procedemento aberto mediante concurso e trámite de urxencia para a contratación da xestión dos medios marítimos da Xunta de Galicia, mediante o cal os buques adscritos ao Servizo de Gardacostas de Galicia pasaban a ser xestionados a través dunha coñecida empresa.

Nun modelo onde os medios son achegados pola administración:

- Remolcador “Sebastián de Ocampo”
- Buque de salvamento e apoio “Irmáns García Nodal”
- Buque pesqueiro multipropósito “Valentín Paz Andrade”
- Patrulleira “Paio Gómez Charito”

Dito contrato fíxoselle a primeira modificación o 17 de febreiro de 2009, a empresa incorporou o buque polivalente da súa propiedade, Ría de Vigo e minorou o prezo do servizo prestado en 600.000 euros, coa finalidade de axustar o prezo a realidade da súa execución.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/02/2017 18:03**  
**Nº Rexistro: 5536**  
Data envío: 22/02/2017 18:03:58.934

A segunda minoración tivo lugar o 03/05/2010 cunha rebaixa de **257.504,57 euros** . A partir desa data fóronse sucedendo as respectivas prórrogas, nun modelo de permisividade administrativa que no seu día xa foi denunciado polo CIS.

Hai que lembrar que esta empresa realiza a prestación de dotar ás embarcacións de persoal, requisitos administrativos, mantemento, reparación, etc. De xeito que a empresa cubre as actuais dotacións (42 tripulantes), realizar labores de mantemento, actualización de permisos, certificados, etc, e reparacións cando fose preciso. Tendo como finalidade do contrato ter os medios a punto e disposición das necesidades da administración.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Vai o Goberno galego recuperar para a xestión pública o Servizo de Gardacostas de Galiza?

-Que custe tivo dotar ao Servizo de Gardacostas de Galicia destes medios marítimos?

-Que custe ten a contratación de 42 empregado para facer operativas estas embarcacións? Que custe ten o mantelas operativas: permisos administrativos, certificados, rexistros, combustible, reparacións, etc, etc?

-Como foi posible esas dúas rebaixas no contrato? E que se rebaixara o contrato axuntando un barco da propia empresa?

-Encontra proporcionalidade entre o servizo e o que se lle paga?



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galicia**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/02/2017 18:03**  
**Nº Rexistro: 5536**  
Data envío: 22/02/2017 18:03:58.934

-Canto se lle leva pagado a empresa que presta este servizo por dotalos de persoal, e telos a punto para as necesidades do Servizo nesta última década?

-Cantas horas de funcionamento ten o “Irmáns García Nodal” E o Sebastián de Ocampo? Cantos servizos leva prestado o remolcador Ría de Vigo a administración galega dende a súa inclusión no contrato?

-Que melloras supuxo a externalización do servizo para o Servizo de Gardacostas de Galicia?

-Porqué non se concretan as funcións da nova escala operativa (titulados náutico-pesqueiros) creada pola Lei 10/2010, de 11 de novembro, de modificación da Lei 2/2004, de 21 de abril pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galiza?

-Cal é a razón de que ata o día de hoxe non se teña definido nin concretado as función da escala de axentes do Servizo de Gardacostas no relativo as actividades a bordo de embarcacións adicadas a salvamento e loita contra a contaminación?

-Non será que este contrato é ilegal, no caso de que se regulen as funcións do persoal funcionario adscrito as embarcacións da Xunta de Galicia, pois a administración galega xa conta con persoal cualificado para todos estes mesteres?

-Non se encontra o persoal, patróns, mecánicos e mariñeiros nunha situación de ilegalidade ao desenvolver funcións que non lle están recoñecidas?

-Como se explica que o persoal desta empresa estea inscrito no ISM e o persoal funcionario: patróns, mecánicos, mariñeiros desenvolvendo a mesma labor non poida beneficiarse dos coeficientes redutores e así xubilarse anticipadamente?



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**

**Data asento: 22/02/2017 18:03**

**Nº Rexistro: 5536**

Data envío: 22/02/2017 18:03:58.934

-Non lle parece un prezo desproporcionado o que pagamos na última década todos os galegos, por un servizo onde a propia administración pon as embarcacións e para o que se conta tamén con persoal cualificado para poder realizar o traballo?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2017 18:02:23**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2017 18:02:28**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2017 18:02:32**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2017 18:02:38**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/02/2017 18:03**  
**Nº Rexistro: 5536**

Data envío: 22/02/2017 18:03:58.934

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2017 18:02:42**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2017 18:02:46**

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Nos últimos tempos véñse dando un problema de relevo xeracional nas explotacións que arrinca de mediados do século pasado cando a industria demandaba importantes continxentes de man de obra que saía masivamente do medio rural e que baleirou boa parte das explotacións, esta nova situación socioeconómica supuxo un primeiro aviso sobre o gran cambio que estaba a piques de se materializar.

Na derradeira década do século pasado a permanencia nas explotacións gandeiras chegou ao seu punto crítico cos efectos do abandono iniciado a mediados de século, e ao consecuente envellecemento da poboación que se empezou a materializar no peche de explotacións e na falla de novos efectivos que se fixeran cargo da actividade agropecuaria.

Son varias as causas que provocan que a actividade agropecuaria teña un serio problema de relevo xeracional. Entre elas cabe citar:

O envellecemento poboacional cunha demografía claramente regresiva é un serio problema estrutural co que se está atopando a actividade agropecuaria e cunha moi difícil solución a curto e medio prazo, pero este aspecto tan relevante vese agravado por outras circunstancias e factores que inciden negativamente.

A falla de autoestima ou baixa valorización do traballo relacionado coa agricultura e gandería, así como a mesma circunstancia de vivir no lugar ou aldea son outros dos factores que inciden negativamente na permanencia das explotacións e moito máis se falamos de acceder por primeira vez a esta actividade.

## Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A escaseza e a falla de servizos en moitos casos vén a incrementar a sensación real das dificultades que implica dedicacións ás actividades agropecuarias e á vida no rural en xeral, nomeadamente se estamos a falar de familias novas e con fillos onde as sensacións de estar padecendo situacións de agravio comparativo cós habitantes do eido urbano é unha realidade contrastable a cotío e que veu a incrementarse cós recortes de servizos básicos a raíz da crise.

A todas estas circunstancias e factores temos que engadir a profunda crise que están a padecer as explotacións agrogandeiras froito do baixo prezo do leite que se asentou nos derradeiros anos fomentada pola dificultade de competir en custos con explotacións doutras latitudes europeas, entre outras razóns pola escasa dimensión superficial das nosas explotacións que se ven na obriga de depender de producións alimentarias que provén doutros países co conseguinte encarecemento dos custos de produción.

Ante esta situación os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cantas novas incorporacións se produciron nos anos 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016 á actividade pecuaria en cada unha das provincias de Galicia, especificadas por concellos?

2ª) Por grupos de idade, en que tramos de idade se sitúan as novas incorporacións de 2016 especificadas por concellos e provincias?

3ª) A que tipo de explotacións polo seu tamaño (unidades gandeiras) se incorporaron, en cada unha das provincias, especificadas por concellos?

4ª) Que nivel e tipo de formación teñen as persoas que se incorporaron no ano 2016, en cada unha das provincias de Galicia, especificados por titulacións?

Grupo Parlamentario

5ª) Cantas das novas incorporacións teñen relación familiar coa explotación á que acceden?

6ª) Cantas das novas incorporacións comezan a súa vida profesional no agro nunha nova explotación?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/02/2017 17:47:35**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 22/02/2017 17:47:49**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á formación específica de igualdade e violencia machista da Academia Galega de Seguridade Pública

O pasado venres 17 de febreiro aparecía publicada no Diario Oficial de Galiza a resolución do 16 de febreiro de 2017 pola que se convocan cursos de formación continua para o persoal da seguridade pública que traballa en Galicia. Isto débese a que unha vez aprobado o programa anual de actividades para o ano 2017 da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) polo Consello Reitor na súa xuntanza do 15 de febreiro de 2016, de acordo co establecido no artigo 9.2.b) da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Agasp, convócanse os cursos de formación continua dirixidos ao persoal de policía local de Galiza correspondentes ao primeiro semestre do ano 2017.

Na citada publicación do DOG especifícanse as bases e características desta formación. Neste sentido, comparando coa oferta formativa correspondente ao ano 2016 chama a atención o aumento do número de cursos, de 40 a 47. Máis concretamente, resulta alarmante que malia o incremento de cursos a oferta de formación específica en igualdade e atendimento á violencia de xénero pasa de dous cursos a un só curso.

Na Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Agasp contémplase no Artigo 3 de Fins que a Academia Galega de Seguridade Pública orientará a súa actuación ao “enriquecemento do capital humano dos servizos de seguridade pública mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia.” así como o



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

“compromiso de xerar e transferir as bases de coñecemento para a mellora das políticas en materia de seguridade pública”. A loita contra a violencia machista é unha tarefa colectiva que debe implicar a todos os axentes sociais e profesionais. Entre estes últimos ten un papel particular o que poden exercer todos os corpos vinculados á seguridade da veciñanza, por ser unha ferramenta achegada a ella, por ser un recurso ao que calquera vítima de violencia machista ou persoa coñecedora dalgunha situación de violencia pode acudir e por ser unha ferramenta de intervención diante desta lacra.

Así mesmo, na propia Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero aparece na disposición adicional segunda contéplase “O Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización e actualización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencias na materia obxecto desta lei, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir, nos ámbitos policial, sanitario, social, xudicial, laboral, educativo e de investigación, unha atención e asistencia integral e coordinada ás mulleres que sofren violencia de xénero”. Por todos estes motivos aquire especial importancia garantir a formación específica dos e das profesionais que son susceptibles de acollerse á formación impartida pola Axencia Galega de Seguridade Pública.

Por todo isto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Considera o goberno galego que a formación específica en materia de prevención e atención da violencia machista para as e os profesionais que traballan na seguridade pública de Galiza é suficiente?

-Considera suficiente o número de horas impartidas en materia de prevención e tratamento de violencia machista?



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Como valora a insuficiencia de contidos transversais nos outros cursos ofertados?

-Que ten previsto facer o goberno galego diante do aumento de denuncias e intervencións por parte da policía local canto a situacións de violencia machista para garantir o éxito da atención e actuacións neste campo e a formación do persoal?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2017 18:33:05**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2017 18:33:09**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2017 18:33:16**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2017 18:33:19**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2017 18:33:22**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2017 18:33:24**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **escrita**, sobre a insuficiente oferta de Formación Profesional na Costa da Morte.

A Consellería de Educación e Cultura ten reiterado o seu compromiso coa Formación Profesional como un eixo fundamental do sistema educativo. Sen embargo, semella que este compromiso non é igual en todo o territorio posto que, unha vez máis, as diferenzas entre o alumnado de contornas rurais fronte ao das cidades é enorme.

Mentres nas principais cidades do país aumentan as prazas e titulacións, atopámonos con que nas zonas rurais a oferta é claramente insuficiente, anticuada e moi pouco adaptada á realidade socioeconómica dos diferentes lugares.

Un claro exemplo desta precariedade da Formación Profesional témola na Costa da Morte, onde nos atopamos cunha oferta escasa e moi centrada en familias profesionais con escasas saídas laborais.

Así, en Vimianzo, a oferta redúcese, no presente curso, a un grao básico de electricidade e electrónico, así como un medio e superior de xestión administrativa e administración e finanzas, respectivamente.

Na mesma liña en Cee ofértanse graos medios e superiores vinculados coa electrónica e coa administración, así como graos básicos de mantemento de vehículos, fabricación e montaxe, e un grao medio de coidados de enfermaría.

No que respecta a Carballo tampouco hai diferenzas significativas, senón que coinciden en ciclos da rama de electrónica e administración, alén dun grao medio de comercio e un superior de informática. Ou en Ponteceso, onde a maiores dos



graos das ramas xa mencionadas se oferta un grao básico e outro medio da rama do automóbil.

É dicir, unha oferta moi afastada dos principais sectores económicos da Costa da Morte como son o agropecuario, o forestal, o mundo do mar, e o hostaleiro-turístico.

A esta oferta súmase a que ten o Centro de Promoción Rural EFA Fonteboa, centrado na formación agropecuaria. Un centro privado do OPUS en Coristanco e que se converte na única saída próxima para quen desexe dedicarse ao mundo laboral agrícola e gandeiro na comarca.

Ante estas ausencias, a cidadanía da Costa da Morte vén reclamando a necesidade dun reforzo e actualización da oferta formativa, máis adaptada ás demandas da zona e cos principais nichos laborais.

Por todo isto, o grupo parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Que valoración fai o Goberno galego da oferta de formación profesional na Costa da Morte?
- 2.<sup>a</sup>) Ten pensado o Goberno galego ampliar esta oferta apostando polos estudos máis adecuados á realidade socioeconómica da comarca, especificamente aqueles vinculados cos sectores agropecuario, forestal, hostaleiro e mariño?
- 3.<sup>a</sup>) Que datos manexa o Goberno galego sobre alumnado da Costa da Morte que non acadou prazas nos ciclos formativos da súa zona?
- 4.<sup>a</sup>) Cal é a porcentaxe de alumnado que se incorpora a un posto de traballo vinculado á familia profesional na que cursou e rematou estudos de FP nos centros públicos da Costa da Morte?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez



Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 22/02/2017 18:34:45**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 22/02/2017 18:34:55**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/02/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 5555**  
Data envío: 22/02/2017 19:03:09.200

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa a coñecer do beneficio obtido polo Goberno galego coa decisión de inscribir os buques do Servizo de Gardacostas de Galicia no Rexistro Especial de Canarias.

O Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras, con sede nas Illas Canarias di ter por obxecto posibilitar a competencia das empresas nabeiras españolas, para isto adopta unha serie de medidas, homologábeis aos de outros estados europeos. E aínda que nun principio estaba destinado a buques mercantes, non tivo reparo en ampliar a súa inscrición aos organismos públicos ou Administracións públicas que cumpran determinados requisitos, ou empresas navieiras que sexan arrendatarias ou que teñan contrato de xestión.

Este é o caso da empresa que xestiona os medios mariños da Xunta de Galicia, que non é outro que o Servizo de Gardacostas de Galiza. Este conta cunha serie de embarcacións que na actualidade son xestionados a través dun contrato de xestión coa empresa Remolcanosa. Nun modelo onde os medios son públicos e a empresa realiza a prestación de dotalos de persoal, requisitos administrativos, mantemento, reparación, etc. De xeito que a empresa cubre as dotacións (42 tripulantes), realizar labores de mantemento, actualización de permisos, certificados, etc, e reparacións cando fose preciso. Tendo os medios a punto e disposición das necesidades da administración.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/02/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 5555**  
Data envío: 22/02/2017 19:03:09.200

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Cales son as razóns de que se procederá a inscribir as embarcacións adscritas a Gardacostas de Galicia no denominado Rexistro Especial de Canarias?

-Quen realizou este rexistro a administración galega ou a empresa que xestiona os buques (Remolcanosa)?

-Que melloras supuxo este rexistro para a Xunta de Galicia? E para a empresa?

-Sabe cales son os requisitos esixidos para o persoal embarcado?

-Comproba a Xunta de Galicia que os contratados cumpren os criterios establecidos no prego de condicións do contrato? Cantos deben ter nacionalidade europea? Considera razoábel este tipo de normativas para unha administración pública?

-Que especialización é a de mariñeiro-maquinas, mariñeiro-mergullador, mariñeiro-maquinista-mergullador, caldeireiro-electricista? Que requisitos se deben esixir para conseguir persoal tan altamente especializado? Cal foi a tripulación mínima esixible de cada embarcación para poder inscribirse en dito rexistro? Fíxose algunha homologación para adecuar o persoal as especiais características dos postos? Cales?

-No imposto sobre a renda das persoas física os tripulantes terán a consideración de renda exenta ao 50% nos rendementos do traballo. Como lles afecta isto aos traballadores de cara a súa xubilación?

-No relativo ao Imposto de Sociedades, as mesmas terán unha bonificación do 90% na porción das cotas, considera razoábel que unha empresa como Remolcanosa que leva ingresado máis de 50 millóns de euros pola prestación dun servizo de xestión



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/02/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 5555**  
Data envío: 22/02/2017 19:03:09.200

dos medios marítimos da Xunta de Galicia, que non pague aquí os seus impostos e cando paga estes son nunhas cantidades absolutamente ridículas?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2017 19:02:00**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2017 19:02:04**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2017 19:02:07**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2017 19:02:10**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2017 19:02:13**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/02/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 5555**

Data envío: 22/02/2017 19:03:09.200

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2017 19:02:15**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **escrita**, sobre as listaxes de espera nos graos de Formación Profesional.

A Formación Profesional é, polo menos en teoría, unha das grandes apostas do Partido Popular en materia educativa. Tanto no que atinxe á lei educativa no estado, a LOMCE, como para a Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia que reiterou, en múltiples ocasións, a necesidade de fornecer este tipo de formación.

O constante incremento do paro xuvenil, situado xa no 26,5%, que no caso da mocidade entre 16 e 24 anos ascende ó 36,6%, así como a elevada taxa de abandono escolar temperá, fixo que moitos mozos e mozas volveran a buscar na FP unha alternativa de futuro. Segundo os propios datos da Consellería a demanda de Formación Profesional non fixo máis que medrar dende o inicio da crise, así, entre 2009 e 2016 produciuse un incremento de case un 50% na matrícula. Sen embargo, non están todos os que son xa que o estudantado atópase con que non hai prazas suficientes. Así pasa, por exemplo, en titulacións con moita demanda como as de hostalería que no único centro integrado de Formación Profesional pública da área de Vigo, Manuel Antonio, deixou fóra a máis de cincocentos solicitantes.

É só un exemplo, xa que nos últimos anos, tanto sindicatos como ANPAS, veñen denunciando recortes de profesorado acompañados de listaxes de espera excesivas.

Ante esta situación, o grupo parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1.<sup>a</sup>) Cantos alumnos e alumnas quedaron no presente curso 2016-2017 sen unha



praza nos graos medios de formación profesional?

2.ª) E nos graos superiores?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 22/02/2017 19:21:08**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 22/02/2017 19:21:17**

## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Dende que o pazo de Meirás foi declarado BIC, a familia Franco non fixo outra cousa que por impedimentos para cumprir a obriga legal de permitir a visita pública gratuíta cando menos catro días ao mes, tal como marca a Lei de patrimonio cultural de Galicia.

A verdade é que nunca houbo normalidade nestas visitas, chegando incluso a Consellería de Cultura a pagar, durante un tempo, con cartos públicos á empresa de seguridade que os Franco esixiron para abrir o pazo.

Agora, como en moitas outras ocasións, está sendo imposible visitar o pazo, xa que cando se chama ao teléfono que se ofrece na web de turismo da Xunta de Galicia para concertar unha visita sona unha mensaxe dicindo que ese número non existe.

Cando non xorde un problema para conectar con teléfono, contestan que o cupo de visitas está esgotado, sempre está esgotado, se chame cando se chame, nun claro atranco para non permitir a entrada.

E aínda hai que engadir a negativa dos Franco a que o Pazo sexa visitado en agosto.

Esta situación provoca múltiples queixas da cidadanía, asociacións da Memoria Histórica e do Concello de Sada que se ve prexudicado económica e turísticamente. O mesmo Concello propuxo a Xunta de Galicia xestionar o réxime de visitas, pero isto non foi permitido pola Xunta de Galicia.

Cremos que a Xunta de Galicia ten que facer cumprir a lei a calquera cidadán e que non poden permitirse actitudes da Consellería de Cultura que semellan un trato de favor a familia Franco.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.<sup>a</sup>) Como valora a Consellería de Cultura o funcionamento das visitas ao pazo de Meirás?

2.<sup>a</sup>) Como valora os continuos atrancos que a familia Franco está a poñer para cumprir a súa obriga legal de abrir o pazo de Meirás ao público?

 Grupo Parlamentario

3.<sup>a</sup>) Está a observar a Consellería de Cultura disfuncións na visita pública ao pazo de Meirás?

4.<sup>a</sup>) Que está a pasar ca liña telefónica a través da cal reservase a visita ao pazo?

5.<sup>a</sup>) Quen xestiona por encargo da Consellería de Cultura as visitas ao pazo de Meirás?

6.<sup>a</sup>) Que pensa facer a consellería de cultura fronte as continuas queixas producidas ante a imposibilidade de realizar unha visita ao Pazo de Meirás?

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López

Luis Álvarez Martínez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 22/02/2017 19:22:58**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 22/02/2017 19:23:05**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Hai un par de días que chega ó coñecemento deste Grupo Parlamentario do BNG o feito de que o aparato de raios X do Centro de Saúde de Noia está avariado desde hai varias semanas.

Segundo nos informan feito un diagnóstico autorizado, a avaría é grande,grave e cara polo que se desaconsella o parcheo dun equipo de raios X que ten máis de 25 anos.

A inoperatividade deste aparello ten coma consecuencias que os pacientes de toda a comarca ( Outes, Porto do Son, Lousame e mais Noia ) teñen que se desprazaren ata o Hospital Provincial de Conxo en Compostela pra recibiren unha prestación que non lle poden dar na actualidade no seu Centro de Saúde pola avaría dun aparello que xa está máis ca amortizado.

Por todo isto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1- Canto tempo vai estar o C. Saúde de Noia sen dar este servizo aos veciños/as?
- 2- Pensan reparalo?
- 3- General Electric continua fabricando repostos para esta máquina?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

- 4- Cal é o motivo de que os **aparells de RX dos centros de saúde** da Xerencia de Compostela, **non entrasen no contrato de Alta Tecnoloxía do SERGAS?** Vaise eliminar a radioloxía dos centros de saúde?
- 5- Cal é o motivo de que os **aparells de RX dos centros de saúde** da Xerencia de Compostela, **non entrasen no contrato de Alta Tecnoloxía do SERGAS?** Vaise eliminar a radioloxía dos centros de saúde?
- 6- Que pensa facer a Consellería cos aparellos de raios X (**General Electric Silhoutte. Radiodiagnóstico general**) dos centros de saúde de Arzúa, A Estrada e Lalín, coa mesma antigüidade que o de Noia? Pensa vostede renovalos? Existe algún plan director, que recolla como se vai xestionar a súa renovación?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/02/2017 11:41:49**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/02/2017 11:41:57**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/02/2017 11:42:02**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/02/2017 11:42:06**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/02/2017 11:42:11**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/02/2017 11:42:14**

## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, Juan Manuel Díaz Villoslada, Julio Torrado Quintela e Luis Álvarez Martínez**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Acaba de ser coñecido que o Goberno de España modificou, sen previo aviso e de forma retroactiva, os contratos predoctorales firmados dende 2014.

Esta medida supón un cambio nos tipos de contratos que pasan de ser de obra e servizo (código 401), a contratos en práctica (código 420), modalidades moi distintas que supoñen un retroceso nas condicións laborais da xente moza científica.

Dado que estes cambios foron feitos de forma retroactiva e sen coñecemento dos contratados, todos os expertos xurídicos consideran que son ilegais e que teñen consecuencias para o pasado laboral, e para o presente e futuro dos investigadores, aumentando a súa precariedade e inestabilidade.

Esta é unha nova proba da falta de apoio do PP á I+D+i despois dos fortes recortes dos orzamentos que nos colocan nun nivel moi inferior á media dos países europeos, e un novo golpe para os investigadores que cada vez teñen moito mais difícil desenvolver unha carreira científica.

Entre a xente moza científica afectada polos cambios contractuais atópanse investigadores galegos que os socialistas entendemos que deben ser defendidos polo Goberno da Xunta de Galicia.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

 Grupo Parlamentario

1.ª) Como valora a Xunta de Galicia os cambios introducidos polo Goberno de España nos contratos dos investigadores predoctorales?

2.ª) Que vai facer a Xunta para defender os intereses dos investigadores e investigadoras de Galicia afectados polos cambios feitos de forma unilateral polo Goberno de España?

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Julio Torrado Quintela  
Luis Álvarez Martínez  
Deputada e deputados do G.P. do Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 23/02/2017 16:28:42**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/02/2017 16:28:50**

**Julio Torrado Quintela na data 23/02/2017 16:28:56**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 23/02/2017 16:29:02**

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada, María Dolores Toja Suárez e José Manuel Pérez Seco, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Que cantidades investiu a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en reparacións, ampliacións e melloras durante o ano 2016 na provincia da Coruña, desagregado e ordenado por concellos, dentro de cada concello por centro e dentro de cada centro con descrición das actuacións realizadas e o seu importe?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 22/02/2017 17:50:15**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/02/2017 17:50:36**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 22/02/2017 17:59:33**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/02/2017 17:59:47**

**María Dolores Toja Suárez na data 22/02/2017 17:59:58**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/02/2017 18:00:11**

 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e José Antonio Quiroga Díaz, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Que cantidades investiu a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en reparacións, ampliacións e melloras durante o ano 2016 na provincia de Lugo, desagregado e ordenado por concellos, dentro de cada concello por centro e dentro de cada centro con descrición das actuacións realizadas e o importe delas?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 22/02/2017 18:01:57**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 22/02/2017 18:02:12**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 22/02/2017 18:02:29**

 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López, Noela Rodríguez Blanco e Raúl Fernández Fernández, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Que cantidades investiu a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en reparacións, ampliacións e melloras durante o ano 2016 na provincia de Ourense, desagregado e ordenado por concellos, dentro de cada concello por centro e dentro de cada centro con descrición das actuacións realizadas e o seu importe?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2017

### Asinado dixitalmente por:

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 22/02/2017 18:05:57**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 22/02/2017 18:06:14**

**Noela Blanco Rodríguez na data 22/02/2017 18:06:30**

**Raúl Fernández Fernández na data 22/02/2017 18:06:39**

 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, Abel Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Que cantidades investiu a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en reparacións, ampliacións e melloras durante o ano 2016 na provincia de Pontevedra, desagregado e ordenado por concellos, dentro de cada concello por centro e dentro de cada centro con descrición das actuacións realizadas e o seu importe?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2017

### Asinado dixitalmente por:


**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 22/02/2017 18:08:03**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/02/2017 18:08:16**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 22/02/2017 18:08:29**

**Julio Torrado Quintela na data 22/02/2017 18:08:38**

**María Luisa Pierres López na data 22/02/2017 18:08:46**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

## BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727